



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO

Lugar: casa do concello

Data: 14 de setembro do 2016

Hora de comezo: 20.34 horas

Hora de remate: 23.10 horas

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES:

Ninguén

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros/as que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria - interventora dona Elena Suárez Rodríguez, co obxecto de realizar a sesión ordinaria do Pleno que foi convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación actas 13 de xullo e 30 de agosto 2016**
- 2. Aprobación inventario camiños**
- 3. Aprobación Conta Xeral 2015**
- 4. Ratificación acordo PAS 2015**
- 5. Ratificación Decreto adquisición parcela**
- 6. Ratificación da aprobación convenio con Orange**
- 7. Desafectación camiño en Casaldesuso (Codeso)**

8. **Aprobación solicitude, memoria e orzamento para colaboración económica da Deputación da Coruña na promoción conxunta do Entroido da Ulla-Xenerais da Ulla**
9. **Mocións número 16/1928 e número 16/1929 presentada polo agrupación municipal Veciñ@s de Boqueixón**
10. **Punto urxente: Iniciación trámites para o aproveitamento expropiatorio para a execución do proxecto de conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral.**
11. **Rogos e Preguntas**

DELIBERACIÓNS

1.Aprobación actas 13 de xullo e 30 de agosto 2016

Quixéramos empezar esta sesión amosando o noso máis sentido pésame polo pasamento de Pedro Munín, último Xuíz de Paz de Boqueixón, así como trasladarlle a súa familia as nosas condolencias.

Co voto a favor de todos os presentes, apróbanse as actas das sesións que tiveron lugar o 13 de xullo e 30 de agosto de 2016.

2. - Aprobación inventario camiños

Neste momento, cando son as 20.40 h. entran no salón os concelleiros don Alejandro Bermúdez Devesa e don José Santasmarinas Devesa.

Con data 1 de setembro 2016, entrada número 1854, recíbese no concello o documento de exposición ao público do inventario de camiños municipais.

Previamente, o pleno da corporación na sesión que tivo lugar o 11 de marzo de 2015, aprobou o inventario municipal de bens (coa exclusión do inventario dos camiños) que nese momento fora elaborado pola Deputación de A Coruña. Por este motivo, por Decreto da alcaldía de data 16 de marzo 2015, adxudicóuselle a estudio Técnico Gallego SA o contrato para a elaboración do inventario de camiños municipais, polo importe de 10.890,00 €.

A continuación o Sr. Canabal di que se van abster na votación do inventario de camiños por algunha das cousas que exporemos a continuación.

Para empezar dicir que esta tarde puxéronse en contacto con nós para dicirnos que faltaba algún camiño en Codeso. É un exemplo, do que tamén explicaremos sobre o procedemento.

En primeiro lugar, recordar ao pleno que cando se aprobou o inventario do concello (onde se excluían os camiños) amosamos o noso voto en contra por dous motivos:

1. Neste inventario inclúense bens nos que é moi difícil acreditar a titularidade, como era o caso por exemplo da Casa de Cultura de Camporrapado, o Local Social de Vila en Ledesma... Eran propiedades que non estaban inscritas no Rexistro da Propiedade, onde a cesión da titularidade era feita por escritos que non teñen ningún valor xurídico.
2. Por outro lado, dicíamos tamén que a valoración de moitos dos solares era irrisoria, estaban moi por baixo dos valores normais de mercado.

Excluíanse daquela os camiños, porque non estaba completa, motivo polo que se encargou ao Estudio Técnico Gallego a elaboración deste inventario.

Sen ter datos suficientes para saber se o inventario de camiños está completa e inclúe todos os camiños municipais ou non, temos que dicir que neste caso, que aprobamos que se expuxera este inventario nas diversas charlas parroquiais que mantivo o alcalde coa veciñanza durante os pasados meses. Lástima que vostedes non tiveran tamén posto a disposición estes documentos co grupo da oposición para podermos complementar tamén este traballo. Certamente recibimos este inventario na pasada semana, polo que non puidemos realizar este traballo que podería ser complementarios. É por iso polo que non temos un coñecemento extenso do inventario, do que teremos que seguir analizando, ao fin de ver se faltan ou non camiños no inventario.

Mais coa limitación comentada, vemos outra eiva importante neste inventario:

- Faise ao noso ver unha relación moi completa dos camiños, por importancia, clase, materiais, extensión, lugares e parroquias.
- Os criterios de valoración tamén están expostos:
 - Valor do solo: 0 €.
 - Construción: Parámetros construtivos–Coeficiente reductor (amortización).
- Temos tamén un criterio de valoración dos parámetros construtivos que se expón nos cadros que se axuntan no presente acordo:
 - Aglomerado: 22,50 €/m².
 - Rego: 12,90 €/m².
 - Formigón: 31,84 €/m².
 - Saburra: 5,92 €/m².
- Temos un criterio de vida útil: 15 anos.
- Podemos pois, e así se fai, imputar estes prezos a todos os camiños, polo que teríamos un valor orixinal (sen amortizar) de cada un dos camiños.

Mais á hora de amortizar os camiños (depreciación por estado) atopámonos un coeficiente de redución xeral (do 50%) para todos os camiños.

Deste xeito aínda que temos unha cifra final do inventario (9.715.882,80 €), non temos valorados de forma individual os camiños, polo que ano a ano, non saberemos a cifra real dos camiños.

Tentarei explicar isto cun exemplo para que se entenda o que quero dicir:

- No presente ano temos un valor dos camiños (9.715.882,80 €).
- A depreciación anual dos camiños é de 1.295.451,04 € (15 anos de vida útil).
- Polo tanto, se non existen modificacións, a valoración dos camiños ao final do 2017 será de 8.420.431,76 €.

Supoñamos agora que aglomeramos o camiño nº 1 de Loureda (que hai 15 anos que non se lle tocou).

- O valor do camiño é de 13.522,60 € en inventario, cando debiera estar amortizado totalmente. O valor tería que ser 0.
- Unha vez aglomerado, o camiño terá un valor de (5,5m * 381 m * 22,50 €/m²) 47.148,75 €.
- Neste caso o valor do inventario incrementaríase en 33.626,15 € (47.148,75 € - 13.522,60 €), no canto de incrementarse no valor orixinal da obra.

- É dicir, o valor do inventario estará sobrevalorado en 2016 (antes da obra) en 13.522,60 €.

Por iso, para ser realista, propoñemos que se faga unha valoración individualizada do coeficiente de redución por camiño (ben por data do último arranxo, se se coñece), ou ben estimándoo polo seu estado de conservación.

Caso de levalo así, perderemos, como acabamos de ver, unha información realista do estado dos camiños, e seguiremos a maquillar os balances nas distintas contas xerais. Non avanzamos nada así en relación ás cifras do balance, e o traballo feito será, dende o punto de vista económico, estéril.

En canto á valoración dos camiños o Sr. alcalde di que se comentará con ETG, redactor do inventario, por si se pode realizar.

O Sr. Sanjuás di que a el non lle consta que haxa camiños en Codeso que non estean inventariados. Aínda así, comprobarase e na fase de exposición pública calquera poderá reclamar.

O Sr. Canabal pregunta se as vías de servizo da N-525 son municipais, porque do inventario dedúcese, que si.

Responde o Sr. Sanjuás, que entende que si.

Sen máis, procédese coa votación e con votos a favor do PP e a abstención de Veciñ@s Boqueixón, acórdase:

1. Aprobar o inventario dos camiños municipais, de acordo cos seguintes datos resumo do inventario:

- A rede de camiños do concello de Boqueixón ten unha lonxitude total de 499 Km.
- A rede de camiños municipais de primeira orde (os que comunican parroquias aos núcleos de relevancia), contan cunha lonxitude total de 43,4 Km. A lonxitude total das vías de segunda orde ascende a 44 Km.
- A lonxitude total de camiños asfaltados ou aglomerados ascende a día de hoxe a 229,6 Km. A lonxitude de camiños de formigón ascende a 0,81 Km. E a lonxitude en terra ou zahorra ascende a 268,8 Km.
- Estímase a valoración dos camiños inventariados en 9.715.882,80 €.

2. Expoñelo ao público durante 30 días, mediante publicación no BOP, no taboleiro de edictos e páxina web do concello

3. - Aprobación Conta Xeral 2015

Dáse conta da “Conta Xeral 2015”, informada, cos votos a favor do PP e en contra de Veciñ@s de Boqueixón, favorablemente na Comisión de Contas do 4 de xullo do 2016, así como que exposta ao público mediante publicación no BOP nº 131 do 12 de xullo do 2016 e no taboleiro de edictos do concello, non se presentaron reclamacións.

A continuación o Sr. Canabal di o que, como non pode ser doutra forma, incidir no que dixemos na Comisión de Contas pasada, aínda que tentaremos axilizar, posto que o posicionamento do Grupo quedara perfectamente argumentado na Comisión de Contas.

Fixeramos unha análise da conta dende dúas perspectivas, dende a técnico – contable, e dende as implicacións políticas consecuencia desta conta. Por ambos motivos, e á espera de coñecer todo canto teña que dicir o equipo de goberno (sería a primeira vez que discutiran unhas contas), incidimos nas dúas vertentes.

Pido, iso si, que discutan os termos da conta xeral, e que non empreguen como sempre a súa defensa do traballo dos traballadores municipais. Ninguén está faltando á súa profesionalidade, simplemente facemos un relatorio de cousas que consideramos que están mal, e que poden mellorarse. Polo tanto o argumento de que nós defendemos aos nosos traballadores, non vale, porque aquí ninguén os ataca.

PERSPECTIVA TÉCNICO - CONTABLE

1.-Como xa dixemos, a Conta Xeral 2015 reflicte datos en contra de acordos tomados por esta corporación, ao contabilizarse como transferencia de capital un pasivo financeiro, caso do PAI 2015.

2.- BALANCE DE SITUACIÓN E CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO - PATRIMONIAL.

Para empezar pola estrutura da conta, detémonos un ano máis nas normas de Valoración. Tendo en conta os documentos que se axuntan, cómpre precisar un dos defectos xerais dos que carece a Conta Xeral, defecto que é habitual nas contas de Boqueixón: NON SE REALIZAN AMORTIZACIÓNS polo que a conta xeral non reflicte unha imaxe fiel do concello incumpríndose polo tanto o principio xenérico de toda contabilidade.

3.- OS RECOÑECEMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITO.

Un terceiro aspecto que cómpre criticar a nivel contable, son aqueles que teñen que ver cos acontecementos posteriores ao peche, en concreto o relativo aos Recoñecementos Extrajudiciais de crédito (paso de facturas do 2015 ao exercicio 2016).

Aparte de ser unha irregularidade manifesta, tamén temos que precisar que con estas actuacións salvaxes da figura do REC, resulta certamente difícil facer unha imputación de gastos por programas, sendo moi dificultoso unha fiscalización precisa das Contas Públicas.

4.- OS NIVEIS DE VINCULACIÓN.

Podemos observar como unha das carencias fundamentais destes orzamentos é o emprego das vinculacións á hora de contabilizar e non a posteriori.

Puxeramos de exemplo, hai máis, as facturas de Montaxes Eléctricos Manuel Fernández por mantemento do alumeadado público, 10 no programa de Alumeadado Público (165) e 2 no Programa de Urbanismo (151).

O nivel de vinculación permite computar as 12 facturas no programa 165 aínda que non haxa crédito orzamentario e transferir este crédito doutras partidas económicas do capítulo 2 que estean na primeira área de gasto. Pero isto debe facerse a posteriori, porque de facelo así, non temos un coñecemento do que se gasta en cada programa, obxectivo básico do orzamento e da conta xeral.

5.- FACTURAS CON CONCEPTOS MOI XENÉRICOS.

Temos comprobado os concelleiros deste grupo como hai facturas con conceptos tan xenéricos que resulta imposible saber a que se deben, e onde se deben imputar.

6.- RELACIÓN DAS FACTURAS PAGADAS MENSUAIS.

Temos tamén que dicir que os listados de facturas que aparecen computadas na conta xeral, non se corresponde coa conta xeral.

Este é un dos principais motivos polos que non coinciden as liquidacións de gastos. Os servizos de contabilidade do Concello, e non temos aínda resposta, realiza cambios na conta en relación aos rexistros mensuais de pagos, eses que son os que temos de referencia para a revisión da conta. E son moitos os cambios exercidos.

Puxeramos un exemplo: No Rexistro Xeral de Pagos do mes de agosto, temos a factura de Galopín Playgrounds, S.L (Pagada o 28/08/2015) verán que a teñen anotada no programa 171 e na partida económica 210.00. Mais se imos á conta xeral e vemos o programa 171 (Parques e Xardíns) vemos que esta factura aparece como un investimento, conta 625.00. E hai así moitos casos.

Para facer un resumo a nivel programas, deixamos os programas liquidados en función aos Rexistros Xerais Mensuais de Pagos e os datos liquidados na Conta Xeral, abrindo unha casilla polas diferencias:

CODIGO	PROGRAMA	REX PAGOS	XERAL CONTA XERAL	DIFERENCIA
0011	DÉBEDA PÚBLICA	298.092,05 €	298.138,05 €	-46,00 €
0135	PROTECCIÓN CIVIL	55.610,15 €	55.488,80 €	121,35 €
0151	URBANISMO	133.361,22 €	130.048,03 €	3.313,19 €
1532	PAVIMENTACIÓN VÍAS PÚBLICAS	591.956,41 €	557.498,31 €	34.458,10 €
0160	SUMIDOIROS	10.176,01 €	10.176,01 €	0,00 €
0161	ABASTECIMENTO DE AUGA	63.214,31 €	50.651,00 €	12.563,31 €
1621	RECOLLIDA DE RESÍDUOS	80.211,17 €	78.271,08 €	1.940,09 €
1623	TRATAMENTO DE RESÍDUOS	106.394,93 €	97.690,95 €	8.703,98 €
0163	LIMPEZA VIARIA	62.353,98 €	61.999,11 €	354,87 €
0165	ALUMEADO PÚBLICO	281.235,55 €	278.901,87 €	2.333,68 €
0171	PARQUES E XARDÍNS	22.830,70 €	21.851,38 €	979,32 €
0231	ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA	625.247,62 €	596.393,21 €	28.854,41 €
0241	FOMENTO DO EMPREGO	237.951,55 €	184.327,50 €	53.624,05 €
0312	CENTRO DE SAÚDE	19.500,40 €	19.500,40 €	0,00 €
0320	ENSINO	66.011,37 €	65.374,81 €	636,56 €
3321	BIBLIOTECAS PÚBLICAS	33.174,04 €	32.732,33 €	441,71 €
0334	PROMOCIÓN CULTURAL	91.581,50 €	87.712,86 €	3.868,64 €
0341	PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE	41.651,35 €	41.536,82 €	114,53 €
0342	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	12.409,42 €	12.032,67 €	376,75 €
0414	DESENVOLVEMENTO RURAL	1.263,57 €	1.263,57 €	0,00 €
4313	COMERCIO AMBULANTE	302,50 €	302,50 €	0,00 €
0432	INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA	21.608,49 €	21.487,49 €	121,00 €
4412	OUTRO TRANSPORTE DE VIAXEIROS	11.297,64 €	11.297,64 €	0,00 €
0912	ÓRGAOS DE GOBERNO	92.950,30 €	93.910,30 €	-960,00 €
0920	ADMINISTRACIÓN XERAL	346.604,42 €	507.925,24 €	-161.320,82 €

0924	PARTICIPACIÓN CIADÁ	17.116,78 €	15.146,78 €	1.970,00 €
Total		3.324.107,43 €	3.331.658,71 €	-7.551,28 €

Pode verse pois que non coinciden as contabilizacións dos Rexistros Xerais de Pago coa liquidación da Conta Xeral, polo que queda exposto que os datos foron cambiados. Outros defectos que tamén afecta para poder fiscalizar a nivel de programas é o feito de que non estén imputados os custos da seguridade social empresarial en cada un dos programas.

7.- RECOÑECIMENTOS EXTRAJUDICIAIS DE CRÉDITO NON APROBADOS.

Diciamos na Comisión de Contas que na conta xeral de 2016 ían aparecer gastos do 2015 non recoñecidos extrajudicialmente, como era o caso de Sogama, que posteriormente foi corrixido no pleno pasado. Porén, non temos aínda a certeza de que esta fora a única, tendo que voltar a repasar factura por factura as primeiras facturas do ano.

8.- INGRESOS.

En canto aos ingresos podemos comprobar o mesmo que dixemos para os gastos, tampouco coinciden exactamente os rexistros xerais de ingresos mensuais cos datos aportados pola conta xeral, cuestión que xa tratamos coa intervención en semanas anteriores.

Por outro lado, dicir que se confunden taxas de licenzas urbanísticas (321) co ICIO (290) o que leva a que estas dúas contas de ingresos non coincidan cos datos aportados á conta xeral (registro de ingresos).

Polo lado dos ingresos facía unha consideración no correspondente ao exercicio 2011, reiterado o ano pasado, no relativo a aqueles ingresos por actividades deportivas, ociotecas... que estaban ingresadas por persoal do concello (Pascual, Barrio...) e que non se sabían a quen nin a cantidade individual á que correspondían. E aínda que se fixeron avances neste senso, á hora de xustificar estes ingresos, os ingresos que non son ingresos nas entidades financeiras, seguen aparecendo nunha listaxe feita á man, sen existir matrices de ningún tipo, e sen ter un control nominativo real. E isto, como xa se ten dito, non pode ser.

En fin, poden observar que co ata aquí exposto, resulta certamente dificultoso facer unha fiscalización á conta do Concello.

IMPLICACIÓNS POLÍTICAS DA CONTA XERAL.

1.- EXTERNALIZACIÓN DE SERVIZOS.

Comezando pola memoria da conta, esta é unha emenda completa á incoherencia e á falta de xestión deste Concello. Refírome á xestión indirecta dos Servizos Públicos.

O número medio de empregados no exercicio, punto 1.3 é de 41 traballadores (1 traballador por cada 105 habitantes, baixando esta ratio con relación ao 2014), conxugado coa prestación indirecta dos servizos. Na conta Xeral veñen os seguintes:

Nº	SERVIZO	EMPRESA
1	SUMIDOIROS	ESPINA Y DELFÍN, SL
2	MANTEMENTO ALUMEADO PÚBLICO	MONTAXES ELÉCTRICOS MANUEL FERNÁNDEZ
3	ABASTECIMENTO DA AUGA	ESPINA Y DELFÍN, SL

4	SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR	ATENDO CALIDADE, SA
5	PREVENCIÓN DEPENDENCIA	FISS CORUÑA
6	MANTEMENTO CALEFACCIÓN	ANTONIO PENA, SL
7	TANATORIO - VELATORIO	FUNERARIA CASABLANCA, SL
8	SUBMINISTRO DE GASÓLEO	ULLA OIL, SL
9	APLICACIÓN PARA O REPORTE DE INCIDENCIAS	ELABORO, INGENIERIA DEL SOFTWARE, SL
10	SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICO - URBANÍSTICA	ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, AS
11	CLASES DE INGLÉS	PICADILLY SCHOOL OF ENGLISH, SL
12	MANTEMENTO DE ASCENSORES	ASCENSORES ENOR, SA
13	ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAS	DAVID NEIRA FERNÁNDEZ
14	SUBMINISTRO RENTING FOTOCOPIADORAS	FORNECEMENTOS GALEGOS
15	SERVIZO MANTEMENTO INFORMÁTICO DO CONCELLO	COMPOSTELA DIGITAL

A estes expostos na memoria da Conta Xeral habería que sumar outros 7 máis:

Nº	SERVIZO	EMPRESA
16	TRATAMENTO DOS RSU	SOGAMA
17	TRATAMENTO DOS RSU	COREGAL
18	TRATAMENTO DOS RSU	L. SECOPE
19	MANTEMENTO INFORMÁTICO	COMPOSTELA DIGITAL, SL
20	XANTAR NA CASA	CONSORCIO GALEGO DE BENESTAR
21	RECADACIÓN TRIBUTARIA	DEPUTACIÓN DA CORUÑA
22	SERVIZOS XURÍDICOS	DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Pode verse que isto é claramente insustentable, e só paliado por un pequeno monto de subvencións doutras administracións que serven para financiar gastos estruturais da administración municipal. Unha vez que este “financiamento extra externo” remate, o concello de Boqueixón terá que prescindir dalgún destes servizos ou ben prestalos de forma “precaria”.

2.- TRANSFERENCIAS/SUBVENCIONES.

Dixemos xa que non se podían repartir esmolos entre Asociacións sen ter feita unha convocatoria pública e sen ter uns criterios mínimos fixados de antemán polo Pleno. E en canto ás transferencias, como todos os anos reiteramos que os 1.500 € que se transfiren á ANPA, parécenos unha cantidade ridícula para axudar a desenvolver as actividades extraescolares.

3.- INCREMENTO DA PRESIÓN FISCAL.

En canto ao incremento da presión fiscal d@s veciñ@s, chámamos de forma importante o incremento do IBI Urbano, que incrementou dende o ano 2010 un 72,05%, camiño case de duplicarse en 6 anos.

A pesares de que o equipo de goberno sempre xustificou os incrementos na obrigatoriedade das medidas austericidas de Montoro, o certo é que a maioría deste incremento débese á petición que fixeron os dous últimos alcaldes para que subiran as bases nun 10% anual (Petición que foi reiterada para o presente ano 2016 polo actual alcalde).

Parándonos nos datos do Padrón Fiscal de 2016 con respecto ao de 2015 este incrementábase noutro 7%, pasando de 474.619,89 € a 507.908,37 €.

E parellamente ao IBI, o mesmo podemos dicir de taxas que cobren claramente as ineficiencias do concello, como poden ser a do abastecemento de auga, saneamento, SAD e outras taxas e prezos públicos por prestación de servizos municipais.

4.- POLÍTICAS DE AUSTRICIDIO.

Tamén as políticas do austericidio chegaron á Administración Local e son reiteradas polo PP como auténticos “loros”. Aprobación do Teito de Gasto, Aplicación da Regra de Gasto, prohibición de contratacións e obrigatoriedade de aplicar os Remanentes de Tesouraría para o pago anticipado da débeda...

Un conxunto de medidas que ten como reflicte un deficiente mantemento das infraestruturas municipais (agás en períodos preelectorais), un recorte en limpeza básica, unhas “cunetas” silvestres, e un plan de “fochancas 0” unicamente na cabeza do alcalde.

E todo isto, cunha sangría de habitantes ano a ano, nulas posibilidades de desenvolvemento empresarial que leva a uns niveis de incrementos do paro e de abandono do noso concello de cara a áreas máis desenvolvidas (incluso emigración dentro da comarca de Compostela).

Poden dicirme algún programa que o Concello de Boqueixón prestou a empresarios, emprendedores, gandeiros... ? Absolutamente, nada.

5. FACTURAS RENDO FACORRO E TALLERES GONZÁLEZ.

Por último quixeramos deixar sobre a mesa a relación das facturas de materiais de construción adquiridos sen nengún tipo de concurso a Rendo Facorro por importe no ano 2015 de 21.745,46 €.

Chama a atención que habendo 4 empresas que se adican á venda de materiais de construción no Concello de Boqueixón, o Concello só adquira con esta, que precisamente é a nai dunha ex-concelleira do PP. E atendan ben, acabo de facer unha descrición precisa, non unha acusación.

Tamén, e un ano máis, e sen informe de intervención, Talleres González ten unha factura de 223,30 € co concello, sabendo que non pode facturar por ser membro da Corporación, tal e como temos falado neste pleno.

CONCLUSIÓN.

Queda pois máis ou menos claro, con todo o que dixemos ata aquí, do noso voto en contra da Conta Xeral. O que nunca queda claro é o porque do voto afirmativo do equipo de goberno ás contas.

Consideramos insustentable a forma de levar este concello. Un concello caro e ineficiente, con 41 traballadores (agora, en época electoral son máis) e a maioría dos servizos externalizados en empresas.

Empresas que “estafan” aos cidadáns con taxas aprobadas neste pleno e que son certamente abusivas como no caso da auga, caso das últimas modificacións SAD, etc. É unha mostra da clara ineficiencia na xestión diaria deste Concello.

Temos a obriga de darlle senso a xestión pública, e de actualizar o concello ao século XXI atendendo as novas demandas d@s nos@s veciñ@s, e atender sobre todo a aqueles que máis precisen dos servizos públicos. E non por solidariedade, senón por dereito.

Hai que camiñar cara unha xestión racional, remunicipalizando a maioría dos servizos públicos para prestalos de xeito eficiente. Porque de seguir así, coa mesma xestión

externalizada, coa ameaza da Deputación de recoller moitos dos servizos, este Concello quedará baleiro de contido, como paso previo á súa desaparición.

Queda moito que facer na xestión diaria do concello para adaptalo á realidade que tod@s precisamos. E aquí, unha vez máis, facemos unha diagnose da situación e á súa vez, nesa mesma diagnose poden verse as alternativas que expuxemos.

Non facemos unha visión apocalíptica. Mais ben ao contrario.

Aspiramos saír do círculo vicioso no que nos meteu o PP nos últimos 25 anos. Estamos no século XXI, e aspiramos pois a políticas públicas deste século. Aspiramos a que o rumbo deste concello cambie dos anos de asfalto e cemento, a estar na vangarda dos servizos públicos de calidade.

Necesitamos políticas activas para a xente con menos recursos, para os nenos, para os vellos, políticas de conciliación, políticas activas para os empresarios e pequenos autónomos, para os gandeiros, para os hostaleiros, para as asociacións que se encargan da dinamización da Cultura... Necesitamos un concello vivo, que se desenvolva e medre.

E as políticas que están resumidas nesta conta Xeral teñen máis que ver co século XIX. Política de parcheos, asfaltos, pegotes de cemento...

Políticas todas que nos levan “empequenecendo” nos últimos 25 anos. En xente, en oportunidades, en futuro.

O Sr. Fernández Munín di que o grupo de goberno vai a votar a favor da aprobación da “Conta Xeral” xa que esta foi informada favorablemente pola secretaría-intervención municipal, e este grupo entende que a capacidade e independencia deste departamento municipal debe de quedar fora de toda dúbida, a pesares das continuas insinuacións por parte do Sr.Canabal poñéndoas de entredito.

En resposta as eivas que vostede ve a nivel contable, respecto o recoñecemento extraxudicial de crédito, como vostedes coñecen e saben, é unha competencia do Pleno da Corporación Municipal para atender compromisos de gastos “debidamente adquiridos” en exercicios anteriores, polo tanto ao ser unha competencia do Pleno e o compromiso de gasto estar “debidamente acreditado e xustificado” é legal a utilización deste recurso. Vostede leva un montón de anos como concelleiro nesta Corporación e sabe ben que é un recurso legal, pois do contrario supoño que tería acudido os tribunais para que estes actuasen en consecuencia.

En canto as carencias na xestión contable dos gastos, creo que sería unha boa medida que vostede acudise ó Concello a “formar” a persoa encargada da contabilidade municipal, pois senón hai por onde collela (a contabilidade), supoño que esa persoa llelo agradecería moito.

En canto as implicacións políticas, unicamente están externalizados aqueles servizos que o persoal do concello non pode asumir, neste período xa se municipalizou o servizo de abastecemento de auga, e polas derradeiras novas que temos, ben caro que nos vai a saír. E algúns outros servizos que nos derradeiros meses saíron a contratación quedaron desertos, mantemento de calefacción, subministro de gasóleo, seguramente porque non eran moi rendibles pras empresas. Non hai queixas en canto ó funcionamento dos servizos, sen embargo seguimos traballando na mellora dos mesmos.

Subvencións.- todas aquelas entidades inscritas no Rexistro de Asociacións do Concello que solicitan algunha subvención para súa actividade son atendidas.

Incremento da presión fiscal.- Dende o ano 2010 ate o ano 2013 (exercicio no que o tipo impositivo estivo mais elevado) o incremento do IBI para os veciños de Boqueixón foi dun 37,7 por cento, si a comparación a facemos en relación ó exercicio 2015 o incremento foi dun 22 por cento. Moi lonxe do 72,5 por cento do que fala vostede.

Políticas de austericidio.- Cantos anos levan vostedes dicindo que o Concello de Boqueixón está en quebra. Neste exercicio 2015 o resultado positivo vai a permitirmos eliminar a totalidade da débeda bancaria, e así mesmo co remanente restante poderemos levar adiante proxectos con fondos propios que ate o de agora eran imposibles, e atender novos servizos que poidan ser demandados polos nosos veciños. Isto é a o que nos leva esta política de “austericidio” como din vostedes.

O Sr. alcalde, en canto ao incremento dos recibos do IBI, di que o proceso de regularización catastral afecta en gran medida.

O Sr. Canabal en canto aos recoñecementos extraxudiciais de crédito, di que basta con acudir a páxina web do Consello de Contas, para ter claro o que supón o recoñecemento extraxudicial . Segue dicindo que el nunca lle falta ao respecto aos traballadores, senón todo o contrario, e solicítalle ao Sr. Fernández Munín que lle razoe punto por punto, o contrario do dito por el.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e en contra de Veciñ@s de Boqueixón, apróbase a Conta Xeral 2015.

4. - Ratificación acordo PAS 2015

No mes de decembro de 2015, enviouse para a Deputación da Coruña, a través da plataforma SUBTEL, a documentación correspondente á solicitude da subvención nominativa, que foi aprobada no Pleno realizado o día 10 de decembro de 2015.

Naquel momento, aprobouse un proxecto único que englobaba a compra da leira e as obras que posteriormente se ían realizar na mesma, denominado “ Adquisición e acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte” por un importe de 140.034,40 euros, dos que 28.006,88 eran a cargo do concello e 112.027,52 eran financiados pola Deputación.

Posteriormente a Deputación enviou, vía electrónica, un requirimento no que se sinalan varias deficiencias que foron corrixidas e aprobadas na resolución ditada o día 16 de marzo de 2016.

Entre elas a máis destacable era a separación dos expedientes de compra da parcela e execución do proxecto de acondicionamento da mesma e tamén se solicitou unha taxación independente á Sociedade Arquitasa no que se valorou a parcela en 98.918,56 euros.

Con data 29 de marzo recibíuse novamente outra comunicación de Deputación onde se comunicaban varios erros e deficiencias no proxecto da obra, que xa foron corrixidos a día de hoxe e que non afectan ó importe do mesmo.

Con data 6 de xullo, a Deputación envía a circular sobre a aprobación do PAS onde ven aprobado o expediente pero condicionado a que se incorpore informe dos servizos técnicos provinciais sobre a situación urbanística da parcela, informando ademais de se é a compra –venta a única forma de adquisición da mesma ou si se pode recorrer a outras modalidades de adquisición de equipamentos públicos establecidos na normativa urbanística. Debendo indicarse tamén se o uso que se pretende dar á parcela é compatible co planeamento municipal vixente.

Polo tanto, o concello debe esperar o informe da Deputación para iniciar a execución do expediente.

Con data 22 de agosto, recíbese a aprobación definitiva e o levantamento da condición imposta polo órgano provincial e neste momento o expediente está correcto para que se poida contratar e executar debidamente.

O grupo municipal Veciños abstivérase xa na “Aprobación do proxecto subvención nominativa da Deputación Provincial” aprobada cos votos do equipo de goberno no pleno do mes de decembro de 2015. Daquela, se ben non nos negamos á compra da parcela, poñendo reparos no seu uso, toda vez que nos parece non apropiado que esta parcela en solo urbano e cuns custos por m2 superiores aos 100 € teña un uso para aparcadoiro da maquinaria. Pensamos que esta finca puidera ter uns usos máis axeitados como pode ser a construción dun centro de día, ou outras dotacións sociais/asistenciais, tentando facer un aparcadoiro para a maquinaria noutro lugar.

Por iso mesmo, hoxe volvemos a abstermos na ratificación do acordo do PAS 2015 así como na ratificación do decreto de adquisición da parcela, que vai no seguinte punto.

O Sr. Sanjuás recórdalle que en sesións anteriores, cando o Sr. Calvelo estaba na corporación, si estaban a favor da adquisición.

O Sr. Canabal respóndelle, que daquela dicían que non se opoñían á adquisición da parcela, senón que só se opoñían ao seu uso.

O Sr. alcalde, di que o uso é o que permite o solo urbano.

Procédese coa votación e cos votos a favor do PP e a abstención de Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1. Aprobar a modificación do expediente, quedando o acordo para participar no Plan Pas 2015 do seguinte xeito:

Participar no Plan de acción social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a inclusión da subvención nominativa que xa tiña solicitada para a execución de investimentos, que estaba pendente de aprobación e que pasa a incluírse neste Plan:

Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
Acondicionamento dunha parcela no lugar do Forte para parque móbil	32.556,80	8.139,20	40.696,00

Adquisición dunha parcela no lugar do Forte	79.134,85	19.783,71	98.918,56
TOTAL	111.691,65	27.922,91	139.614,56

3.- Declarar que o concello vai adquirir os terreos nos que posteriormente se desenvolverán as obras relacionadas no correspondente proxecto e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Dispoñer dos fondos necesarios, que xa están consignados no orzamento do ano 2015, para facer fronte á achega municipal correspondente para a execución deste proxecto.

5.- Acordar facer as obras do acondicionamento da parcela por administración, tendo en conta o art. 24 do TRLCSP e o informe do técnico redactor do proxecto onde se xustifica que, os elementos auxiliares utilizables para a realización da obra, supoñen unha economía superior ó 5% do importe do presuposto.

6.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

7.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

8.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

5. - Ratificación Decreto adquisición parcela

Dáse conta do seguinte decreto de data 2 de setembro de 2016 polo que se comprou a parcela situada no Forte, referencia catastral 7820904/NH4472S/001/OG:

“En relación coa adquisición da parcela con referencia catastral 7820904/NH4472S/001/OG, situada no Forte e tendo en conta a aprobación do Plan de Acción Social pola Deputación de A Coruña, no cal se inclúe a adquisición da referida parcela por un importe total de 98.918,56 €, e en base aos seguintes

Antecedentes

- Con data 22 agosto 2016, rexistro entrada nº 16/1786 recíbese no concello a Circular da Deputación sobre a aprobación do Plan de Acción Social (PAS) 2015, na cal se

comunica ao concello a aprobación definitiva da inclusión da adquisición da referida parcela no dito plan, tal como a continuación se detalla:

Financiamento			
Denominación	Deputación	Concello	Total
Adquisición parcela no lugar de O Forte	79.134,85	19.783,71	98.918,56

Con data 15 de marzo 2016, rexistro entrada 525, recíbese no concello unha **declaración de conformidade**, segundo a cal don José xxxxx en nome propio e en representación dos irmáns, todos eles herdeiros de don Pedro xxxxx propietario da parcela con referencia catastral 7820904/NH4472S/001/OG situada no Forte. Lindes: Norte, José xxxxx; Sur, estrada de A Susana a Ponteledesma; Este, Irmandade sindical de labradores e gandeiros de Boqueixón; Oeste, José xxxxx, **declaran:**

1/ Estar conformes coa venda da referida parcela, así como da edificación nela existente, ao Concello de Boqueixón.

2/ Aceptan o prezo de 98.918,56 €, a aboar polo concello pola compra da dita parcela.

3/ Serán a cargo do concello todos os custos notariais e de rexistro desta compra.

Con data 22 de febreiro 2016, a Sociedade de Taxación Arquitasa emite o correspondente informe de taxación no cal se establece o seguinte VALOR DE TASACIÓN:

<u>Uso considerado</u>	<u>Superficie m²</u>	<u>V. Unitario (€ m²)</u>	<u>V. Total (€)</u>
Adosado	790,4 m ²	125,15 €/m ²	98.918,56 €.

Fundamentos xurídicos

- O regulamento de bens das entidades locais no seu artigo 11 establece que a “adquisición de bens a título oneroso esixirá o cumprimento dos requisitos contemplados na normativa reguladora da contratación das corporacións locais, e tratándose de inmoables esíxese, informe previo pericial”.

Neste caso , consta no expediente o informe pericial emitido por unha sociedade de tasación, e en canto ao cumprimento dos requisitos da normativa reguladora da contratación débese ter en conta o artigo 4 da lei de contratos que no se apartado 1 p, exclúe os contratos de compraventa de bens inmoables.

- A lei de bases de réxime local, establece que a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor non sexa superior ao 10% dos recursos ordinarios do presuposto, corresponde ao Alcalde.

Os dereitos recoñecidos netos , dos capítulos 1,2,3 e 5 da liquidación correspondente ao exercicio económico 2015, ascenden a 1.493.666,43 €, polo que resulta que a adquisición da parcela non excede deste importe. Non obstante, procederase coa ratificación deste decreto na próxima sesión plenaria posto que a adquisición da parcela esta incluída no plan de acción social da deputación que no seu momento foi aprobado en sesión plenaria.

Por outro lado, no presuposto municipal 2015 existe crédito retido para facer fronte á aportación municipal , na partida 920.600,00.

RESOLVO:

1.-Comprar aos herdeiros de don Pedro xxxxx, veciño e falecido en Boqueixón, don Juan José xxxxx con D.N.I 33.225.879-X, don Ramón xxxxx con D.N.I xxxxx, dona

Carmen xxxxx con DNI xxxxx, dona María xxxxx con D.N.I xxxxx, dona Soledad xxxxx con D.N.I xxxxx, don Manuel xxxxx con D.N.I xxxxx, a parcela con referencia catastral 7820904/NH4472S/001/OG , situada en O Forte para a situación do parque móbil. Lindes: Norte, don José xxxxxx; Sur, estrada de A Susana a Ponteledesma; Este, Irmandade sindical de labradores e gandeiros de Boqueixón; Oeste, José xxxxx. Superficie catastral: 790,4 m². clasificación urbanística, solo urbano.

2.-Aboar aos herdeiros de don Pedro xxxxx, anteriormente citados, o importe de 98.918,56 €, pola adquisición da citada parcela. Serán a cargo do concello todos os custos notariais e de rexistro desta adquisición.

Sen máis, procédese coa votación e con votos a favor do PP e a abstención de Veciñ@s de Boqueixón, acórdase ratificar dito Decreto de data 2 de setembro de 2016.

6. - Ratificación da aprobación convenio con Orange

Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 21 de xullo do 2016 adoptouse o acordo que a continuación se transcribe literalmente:

“Con data 14 de xuño do 2016, recíbese escrito de ORANGE ESPAGNE SA, solicitando a cesión dun espazo na torre de iluminación situada no campo de fútbol de O Forte, para a instalación dos equipamentos necesarios para o servizo da actividade. Unha vez asinada dita autorización, se procede, terá que autorizarse, así mesmo, a realización das correspondentes obras, polo que xunto co convenio achegan os correspondentes planos. Non obstante, unha vez que o citado convenio sexa asinado, terá que solicitarse a correspondente licenza ou a presentación da declaración previa, co cal terá que presentarse o necesario proxecto ou memoria urbanística.

Por outro lado, é excesivo o prazo de 10 anos, podéndose aprobar por un prazo máximo de 5 e posteriormente, de ser preciso, poderíase prorrogar.

Por isto e previamente á execución das obras necesarias, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar o seguinte convenio con ORANGE ESPAGNE SA para a cesión dun espazo na torre de iluminación situada no campo de fútbol de O Forte (Ref. catastral 7717306NH4471N0001AD), por un prazo de duración de cinco anos

REUNIDOS

DE UNA PARTE: Don Francisco Alfredo Vallejo García, con NIF nº xxxxx, quien actúa en nombre y representación de ORANGE ESPAGNE, S.A. “Unipersonal”, con CIF nº A-82009812 y domicilio social en Parque Empresarial “La Finca”, Paseo del Club Deportivo, 1, Edificio nº 8, código postal 28223 de Pozuelo de Alarcón (Madrid), constituida por tiempo indefinido mediante escritura pública autorizada ante el Notario de Madrid, D. José María Peña y Bernaldo de Quirós, el 13 de mayo de 1998, bajo el número 1.249 de su protocolo, debidamente inscrita en el Registro Mercantil de Madrid, al tomo 13.183, folio 129, hoja M-213.468, inscripción 1ª, actúa en uso de las facultades resultantes de la escritura autorizada ante el Notario de Pozuelo de Alarcón, Don José Antonio Bernal González el 15 de julio de 2014, bajo el número 1.188 de su protocolo, (en lo sucesivo la “EMPRESA”).

DE LA OTRA: D. OVIDIO RODEIRO TATO con DNI xxxxxx y con domicilio a estos efectos en Casa do Concello de Boqueixón Lugar de Forte s/n.. Boqueixón, código postal 15881 (A Coruña), actuando como ALCALDE-PRESIDENTE del Ayuntamiento de Boqueixón, con C.I.F P1501200H, (En lo sucesivo, el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN).

Ambas partes se reconocen mutuamente la capacidad legal necesaria para el otorgamiento del presente contrato y
EXPONEN:

I.- Que la EMPRESA, como operadora habilitada para la explotación de redes y la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas, está desplegando e instalando infraestructuras de red por lo que está interesada en ocupar un espacio en la torre de telecomunicaciones, que más abajo se describirá e instalar en el mismo los equipamientos necesarios para el ejercicio de su actividad.

II.- Que el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN es dueña de pleno dominio y sin limitación alguna de la torre de iluminación situada en campo de fútbol de Forte-Boqueixón del Ayuntamiento de Boqueixón (A Coruña), código postal 15881, REFERENCIA CATASTRAL: 7717306NH4471N0001AD.

III.- Que las partes desean suscribir un Contrato en virtud del cual el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN cede a la EMPRESA el espacio definido en este contrato para instalar, montar, explotar, mantener, conservar, reparar, modificar y ampliar, por si o por un tercero, el conjunto de infraestructuras de telecomunicaciones necesarios para la explotación de redes y la prestación de los servicios de telecomunicaciones electrónicas a los que a EMPRESA está legalmente habilitada, a cambio del pago a el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN de una contraprestación económica.

De conformidad con lo expuesto, ambas partes convienen el presente contrato con sujeción a las siguientes:

ESTIPULACIONES

PRIMERA.- OBJETO DEL CONTRATO

El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN cede un espacio en la torre de iluminación descrita en el Exponente Segundo a la EMPRESA, que lo acepta, para la instalación en el mismo de un conjunto de infraestructuras de telecomunicaciones necesarias para la explotación de redes y la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas para los que la EMPRESA está legalmente habilitada.

La ejecución y/o instalación de estas infraestructuras lleva aparejada, de forma enunciativa que no limitativa, la ejecución y/o instalación de todo el equipamiento preciso para la ubicación de antenas exteriores e interiores, armazones y soportes de las mismas; los cables coaxiales que interconectan las antenas con los equipos electrónicos de telecomunicaciones; el paso de los servicios de suministros eléctricos y telefónicos; los cables de conexión; la red de tierras; las obras necesarias para el acceso a la Finca de la fibra óptica; así como cualquier otro equipamiento que sea necesario o conveniente para la instalación, ejecución, explotación, conservación, reparación, mantenimiento,

modificación y ampliación de las infraestructuras de telecomunicaciones necesarios para la explotación de redes y la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas.

SEGUNDA.- PRECIO

El precio de la renta se establece en la cantidad de DOS MIL (2.000) euros brutos anuales, más el impuesto territorial correspondiente que será abonada por la EMPRESA a AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN por trimestres naturales vencidos a partir del momento establecido en el párrafo siguiente.

El primer pago se realizará en los diez primeros días del trimestre natural siguiente al de la fecha en que se concluya la instalación de las antenas, y comprenderá la parte del correspondiente al periodo transcurrido entre el inicio de la instalación y el último día del trimestre natural en que se haya procedido a dicha instalación.

El pago se realizará en el domicilio bancario señalado por el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN en el ANEXO A del presente documento.

El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN autoriza a la EMPRESA, a expedir las facturas que documenten las relaciones entre ambos en su nombre y en base a las siguientes reglas y procedimientos: La EMPRESA expedirá las facturas que documenten los derechos de crédito de que es titular AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN (Auto factura) y se las remitirá a AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN. La EMPRESA establecerá la codificación y numeración de las facturas.

Las incidencias detectadas por el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN en el contenido, concepto o importe de la factura, deberán ser comunicadas a la EMPRESA por los cauces establecidos en la Cláusula Decimoquinta de este contrato, procediéndose en su caso, bien a la emisión de una factura complementaria o bien realizando los ajustes que procedan en la siguiente factura a emitir por la EMPRESA. Si en el plazo de 20 días desde la recepción de la factura por el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN, la EMPRESA no recibe comunicación expresa de el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN informando de la existencia de tales incidencias las facturas se considerarán correctas y definitivas a todos los efectos sin que proceda ulterior rectificación de clase alguna.

La factura incorporara todos los requisitos legales y reglamentarios tanto fiscales como mercantiles. La factura así confeccionada por la EMPRESA, tendrá los mismos efectos legales y fiscales que si hubiera sido formalizada por el titular del contrato, entre los que se encuentran su inscripción en el Libro Registro de I.V.A., su inclusión en los libros contables y en las correspondientes declaraciones tributarias. En particular la factura servirá como documento acreditativo del IVA soportado por la EMPRESA y del IVA repercutido a el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN, así como del ingreso para el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN y la retención aplicada en su caso. El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN se responsabilizará, si así procede, del ingreso en Hacienda de la deuda tributaria correspondiente al impuesto indirecto que sea de aplicación sin que a la EMPRESA le competa o pueda imputársele ninguna responsabilidad.

La renta pactada se actualizará anualmente, adaptándose a las variaciones que experimente el Índice General de Precios al Consumo, mediante certificación emitida por el Instituto Nacional de Estadística para el período de enero a diciembre del año anterior a la fecha de revisión, fijándose la primera revisión para el uno (1) de Julio de 2017.

TERCERA.- VIGENCIA

El presente contrato tendrá una duración inicial de (5) CINCO años, a partir de la fecha de la firma del mismo, siendo de obligado cumplimiento para ambas partes.

Al final de este periodo, el contrato quedará automáticamente renovado, y se prorrogará por periodos sucesivos de cinco años, salvo que la EMPRESA O el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN NOTIFIQUEN su intención de no renovarlo con al menos seis meses de antelación a la fecha de terminación inicial del mismo o de cualquiera de sus prórrogas, mediante comunicación formal, expresa y escrita que deje constancia de su envío y de su recepción. Cada renovación lo será con sujeción a los mismos términos y condiciones estipulados en este contrato.

CUARTA.- INSTALACIONES

Los servicios de teléfono y electricidad serán de cuenta de la EMPRESA, contratándolos por su cuenta y cargo a las empresas suministradoras y mediante la instalación de los equipos y aparatos contadores necesarios a tal fin. El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN autoriza expresamente mediante el presente acuerdo dicha instalación. El cableado de estos servicios se realizará preferentemente por las canalizaciones propias de la Finca y, en su defecto, por el punto que acuerden las partes.

En todo caso y sin perjuicio de lo indicado en el precedente párrafo, El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN, otorga y constituye a favor de la EMPRESA servidumbre de paso sobre los elementos comunes de la torre de iluminación para la ubicación de las infraestructuras necesarias y convenientes tanto para la instalación de los equipos detallados en la cláusula primera de este contrato, como de las correspondientes a los suministros eléctricos y telefónicos indicados en el párrafo anterior.

El conjunto de infraestructuras de telecomunicaciones necesario para la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas se ubicará dentro del espacio arrendado en el punto óptimo para la mejor prestación del servicio y siempre a criterio de la EMPRESA. También serán de cuenta de la EMPRESA todos los gastos de montaje, instalación, mantenimiento, reparación, modificación, ampliación y retirada de las infraestructuras y equipamientos de telecomunicaciones instalados en la torre de telecomunicaciones.

El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN autoriza a la EMPRESA a realizar cuantas modificaciones, ampliaciones y adaptaciones fueran convenientes o necesarias en las infraestructuras de telecomunicaciones previstas en este contrato para su adaptación a las nuevas tecnologías, con la finalidad de optimizar la explotación de redes y la prestación de los servicios de comunicaciones electrónicas para los que está habilitada.

La EMPRESA se responsabilizará de la obtención de todas las licencias y/o autorizaciones que fueran precisas para el desarrollo de su actividad en el espacio contratado, así como del abono de todas las cantidades que se devenguen por este concepto. El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN se compromete a colaborar en todo lo que proceda, para la solicitud, tramitación y obtención de dichas licencias y/o autorizaciones.

Una vez finalizada, por cualquier causa, la vigencia del presente contrato, la EMPRESA se compromete a reponer el espacio ocupado a su situación original, salvo los desperfectos ocasionados por el uso normal del espacio cedido.

QUINTA.- ACCESO

A la firma del presente documento El AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN hace entrega a la EMPRESA de todas las llaves que dan acceso al espacio cedido, autorizando el paso en todo momento al mismo a las personas que ésta designe, con los equipos necesarios para la realización de los trabajos de instalación, mantenimiento, reparación, modificación, ampliación, sustitución o retirada total o parcial de las infraestructuras y equipos de telecomunicaciones.

A estos efectos, El ARRENDADOR entrega en este acto a la EMPRESA las llaves necesarias que dan acceso 24 horas a la torre de telecomunicaciones. ORANGE ESPAGNE, S.A podrá acceder en cualquier momento al cuarto en el que se ubicarán los equipos y cuya ubicación se determinará de común acuerdo con el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN. Así mismo, el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN autoriza a la EMPRESA la instalación de un cajetín de seguridad para guardar las llaves de acceso, empotrándolo en el punto de la fachada que las partes establezcan de mutuo acuerdo.

Durante el periodo de instalación y/o ejecución, la EMPRESA se compromete a gestionarlo de forma y manera que causen la menor incomodidad posible a el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN y a seguir los procedimientos de acceso acordados con la misma.

En el supuesto de que el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN cambiase las cerraduras de los accesos a la finca o a sus elementos comunes, ésta tendrá la obligación de notificar dicha circunstancia a ORANGE ESPAGNE, S.A a la mayor brevedad, facilitándole con suficiente antelación, copia de las nuevas llaves.

En caso de que fuera necesario y fuera posible, el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN autoriza a la EMPRESA a acondicionar un acceso independiente y exclusivo al espacio contratado.

SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCION

La EMPRESA podrá resolver el presente contrato en cualquier momento y sin pago de indemnización o penalización de clase alguna, en los siguientes casos:

- Por el incumplimiento de los compromisos y obligaciones asumidos por el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN. - Por la no obtención de todos los permisos o licencias necesarias para instalar u operar los equipos de telecomunicaciones.
- Porque los ensayos o pruebas técnicas realizadas para verificar la idoneidad del emplazamiento, no fueran satisfactorios para la EMPRESA
- Porque el espacio arrendado pierda la idoneidad para la instalación de los equipos de telecomunicaciones.
- Por el incumplimiento por el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN de su obligación de garantizar el acceso a la torre de iluminación en todo momento. En este caso, esta mercantil se reserva el derecho de ejercer las acciones legales oportunas para la reclamación de los daños y perjuicios causados.

En cualquiera de estos supuestos, el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN hará suyas las rentas percibidas hasta el momento de la resolución.

La EMPRESA podrá resolver el contrato, sin pago de indemnización o penalización de clase alguna y mediante comunicación formal, expresa y escrita a el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN que deje constancia de su envío y de su recepción con un preaviso de tres meses, en los siguientes supuestos:

- En caso de finalización, pérdida o modificación de los títulos administrativos que habiliten a la EMPRESA para la explotación de redes y la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas
- Cualquier modificación o alteración en la torre de iluminación o en su entorno, de tal manera que a causa de ello, las infraestructuras de telecomunicaciones dejasen de tener la ubicación o características necesarias para la explotación en la misma de servicios de comunicaciones electrónicas
- En caso de que las condiciones, progresos y avances tecnológicos experimentados en la explotación de redes y/o en la prestación de servicios de comunicaciones electrónicas, aconsejen y/o hagan más conveniente el uso de otros emplazamientos distintos de los contemplados en este contrato.

SEPTIMA.- DERECHOS Y OBLIGACIONES DE LAS PARTES

Las Partes vienen obligadas a observar y cumplir todos y cada uno de los compromisos y obligaciones contemplados en este contrato con los efectos previstos en la cláusula precedente en caso contrario.

Asimismo la EMPRESA será responsable de los daños ocasionados a el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN o a terceros, derivados directamente de la instalación de sus equipos y del desarrollo de su actividad en el espacio cedido. A estos efectos, la EMPRESA se obliga a tener contratado, durante todo el tiempo de vigencia del contrato, una póliza de seguro de responsabilidad civil con entidad aseguradora de reconocida solvencia, que garantice suficientemente los riesgos mencionados.

Por su parte el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN se abstendrá de menoscabar en modo alguno los derechos constituidos a favor de la EMPRESA, siendo responsable de los daños y perjuicios que se causen a las infraestructuras de telecomunicaciones de la EMPRESA; debiendo repararlos y satisfaciendo a la EMPRESA la indemnización que corresponda.

Es obligación de el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN comunicar a LA EMPRESA de forma inmediata, los cambios en la titularidad de la torre de iluminación para garantizar la fluida comunicación entre las partes contratantes evitando posibles problemas de facturación.

OCTAVA.- RUIDOS E INTERFERENCIAS

La EMPRESA garantiza la no emisión de ruidos o vibraciones por sus equipos por encima de los límites establecidos en las Ordenanzas Municipales correspondientes, y en caso de producirse, adoptará de forma inmediata todas las medidas necesarias para su eliminación.

La EMPRESA se compromete a que sus equipos no produzcan ningún tipo de interferencias a los equipos receptores de radio y televisión de AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN, y en caso de producirse, adoptará de forma inmediata todas las medidas necesarias para su eliminación.

NOVENA.- CESION DEL CONTRATO

No se reputará cesión el cambio producido en la identidad de la EMPRESA por consecuencia de la fusión, transformación o escisión de la misma bastando para ello la mera comunicación por la EMPRESA a el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN en este sentido mediante comunicación formal, expresa y escrita que deje constancia de su envío y de su recepción. En este supuesto el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN

vendrá obligada a consentir y asumir dicho cambio renunciando expresamente a su derecho a elevar la renta pactada.

DÉCIMA.- VENTA O DESTRUCCION

En el caso de venta por el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN de la torre de iluminación o del espacio cedido, el adquirente quedará subrogado en todos y cada uno de los derechos y obligaciones del presente contrato y, en especial, en el plazo contractualmente pactado.

En el caso de destrucción total o parcial de la torre de telecomunicaciones, la EMPRESA, tendrá derecho a establecer los mismos o similares equipos e infraestructuras de telecomunicaciones en la nueva construcción que los existentes hasta la fecha en la torre de iluminación destruida, y con sujeción a las mismas condiciones que las estipuladas en este contrato.

Durante la reconstrucción de la torre de iluminación quedará automáticamente suspendido el devengo y pago de la renta correspondiente.

A efectos de cómputo del plazo de duración inicial o sucesiva del contrato, el vencimiento y/o las prorrogas automáticas del mismo acontecerán, conforme así resulta de lo estipulado en la precedente cláusula cuarta, incrementado en un periodo de tiempo equivalente al de la duración de las obras de reconstrucción y al de la puesta en servicio operativo de los equipos de telecomunicaciones.

En el caso de que el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN disponga de espacios de similar naturaleza, ambas partes podrán acordar el traslado a los mismos de los equipos e infraestructuras de telecomunicaciones en las mismas condiciones contractuales y siempre que dicho nuevo emplazamiento no desvirtúe la calidad del servicio de la EMPRESA

DECIMOPRIMERA -PERMANENCIA DEL CONTRATO

Cualquier modificación o adenda al presente contrato sólo será válida si se manifiesta expresamente su calidad de tal, si está efectuada por escrito, si se adjunta al presente contrato y si es firmada por ambas partes.

En tales casos, salvo las cláusulas que expresamente se modificasen, seguirán siendo válidas y, por tanto plenamente exigibles, el resto de cláusulas que integran este contrato.

La nulidad y, por tanto, la inaplicabilidad de alguna de las cláusulas y/o anexos integrantes del presente contrato no motivarán la de las restantes que permanecerán vigentes.

DECIMOSEGUNDA

LA EMPRESA, como titular de la infraestructura de telecomunicaciones objeto del presente contrato, se compromete a cumplir todas las garantías técnicas referentes a los mencionados elementos y asume todas las responsabilidades por daños ocasionados en las personas y en las cosas que se pudieran derivar a favor de terceros ajenos al presente contrato producidos por la instalación, mantenimiento y funcionamiento de los equipos de telecomunicación situados en la finca objeto del acuerdo suscrito.

En consecuencia, cualquier reclamación o comunicación referente a la construcción, instalación y mantenimiento de las aludidas infraestructuras efectuada por un tercero, sea ésta particular o administración pública, deberá ser dirigida a LA EMPRESA como responsable y titular de la infraestructura de telecomunicaciones, quedando exonerado el AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN de cualquier responsabilidad proveniente de

la instalación, mantenimiento y funcionamiento de la Estación Base de telecomunicaciones a todos los efectos.

DECIMOTERCERA.- LEY APLICABLE y JURISDICCIÓN

El presente contrato se formaliza con plena sujeción al Derecho privado Español y se rige por la voluntad de las partes expresada en el Contrato y, supletoriamente, por los preceptos del derecho español.

Para cuantas cuestiones pudieran surgir de la interpretación del presente contrato, ambas partes se someten a la jurisdicción de los Tribunales con sede en la capital de la Provincia donde se ubique el inmueble objeto del mismo, con renuncia expresa a cualquier otro fuero que en derecho pudiera corresponderles.

DECIMOCUARTA- COMUNICACIONES

Se establece que cualquier comunicación entre las partes relativa al presente contrato deberá dirigirse, mediante fax o carta con acuse de recibo, a las direcciones que figuran en el encabezamiento del presente acuerdo.

Así mismo, para cualquier incidencia relativa al presente contrato se podrá contactar con el Servicio de Atención Telefónica a Propietarios en el siguiente número de teléfono 665.654.204 en el horario de 9.00 a 16.00 horas, o a través de la dirección de correo electrónico propiedades.es@orange.com, así como a través de la página web: <https://atencionalpropietario.orange.es>

En prueba de conformidad de cuanto antecede, las partes firman el presente documento por duplicado, en todas sus hojas, en lugar y fecha indicados en el encabezamiento.

POR AYUNTAMIENTO DE BOQUEIXÓN

POR ORANGE ESPAGNE S.A.

Fdo.: D. Ovidio Rodeiro Tato

Fdo.: D. Francisco Alfredo Vallejo García

Anexo A

Domiciliación bancaria

Numero: Gal1572

Domicilio Fiscal: Lugar de Forte s/n. Boqueixón, código postal 15881 (A Coruña),

Propiedad: Ayuntamiento de Boqueixón

C.I.F. Nº: P1501200H

2. Ratificar este acuerdo na vindeira sesión plenaria.

3. Comunicar este acuerdo a ORANGE ESPAGNE SA

O Sr. Canabal di que é surrealista que por 2.000 € deba aprobarse no pleno e sen embargo, no concello se abuse dos contratos menores.

Comunica a secretaria-interventora que neste caso trátase dunha cesión dun inmovible e coa posibilidade de que exceda de 5 anos.

Aínda que ten unha contestación xurídica (prazo do convenio maior a 5 anos), dicir que é certamente paradóxico que este convenio teña que vir ao pleno mentres que vostedes levan nos levan aprobando por procedementos negociados sen publicidade cantidades inxentes de cartos.

Por iso hai que dicir que aínda que poida ter unha explicación xurídica, como acaba de reflectir a secretaria, o que non lle vemos é unha explicación racional a esta disparidade.

Procédese coa votación, e con votos a favor do PP e a abstención de Veciñ@s de Boqueixón, ratifícase dito acordo da Xunta de Goberno que tivo lugar o 21 de xullo de 2016.

7. - Desafectación camiño en Casaldesuso (Codeso)

Con data 6 de abril e 28 de xuño de 2016, dona Carmen xxxxx e don Severino xxxxx, solicitan a desafectación do camiño público situada en Casaldesuso que dá acceso só as parcelas 88, 89 e 85 B propiedade respectivamente, dos mesmos.

Solicitan, así mesmo, que unha vez desafectadas lle sexan vendidas.

Vistos os informes xurídico e técnicos, os cales sinalan que actualmente non serven de vía de acceso para ningunha finca ou propiedade distinta das dos solicitantes e que a parcela resultante, de forma irregular e emprazada totalmente entre as fincas privadas, non resulta susceptible dun uso adecuado para o concello de Boqueixón.

Tendo en conta, así mesmo, a valoración económica da citada parcela sobrante que ascende a 740,00 €.

O Sr. Canabal di que aínda que en termos xerais non estamos a favor da desafectación de camiños (o non uso actual non significa usos futuros), tamén vemos que en algúns casos poden estar xustificadas.

Mais neste caso en concreto non temos xuízos suficientes para analizar se procedería ou non esta desafectación, polo que vamos absternos, coa reserva de poder alegar no período de exposición pública se viramos argumentos para isto.

O Sr. Sanjuás di que ambos propietarios puxéronse de acordo para presentar a solicitude, e que o camiño en cuestión non dá acceso a ningún outro camiño ou parcela.

Cos votos a favor do PP e a abstención de Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1. Desafectar do dominio público o camiño de 74 m² de superficie sito no lugar de Casaldesuso (Codeso), que discorre entre as parcelas 85 B propiedade de don Severino xxxxx, e 88, 89 propiedade de dona Carmen xxxxx. O camiño a desafectar está clasificado urbanisticamente, polo PXOM, como solo de núcleo rural tradicional e a valoración económica da parcela sobrante ascende a 740,00 €.

2. Someter a información pública o expediente durante un mes a efectos de presentación de reclamacións.

3. Se en dito prazo non se presentasen reclamacións considerase o camiño definitivamente desafectado do dominio público e proceder coa venda directa da parcela sobrante aos propietarios colindantes.

8. - Aprobación solicitude, memoria e orzamento para colaboración económica da Deputación da Coruña na promoción conxunta do Entroido da Ulla- Xenerais da Ulla

Nas parroquias de Sergude e Lestedo do Concello de Boqueixón, así como noutras dos Concellos de A Estrada, Padrón, Santiago de Compostela, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces, existe unha celebración do entroido con máis de cen anos de antigüidade.

O entroido dos Xenerais da Ulla destaca por ser unha manifestación cultural única entre os festexos do entroido, pola súa singularidade e vistosidade. Constitúe un patrimonio inmaterial de máxima importancia para a comarca polas súas raíces históricas que se perden nas distintas batallas que tiveron lugar na comarca durante a Guerra da Independencia na primeira metade do século XIX.

Dende o 2016, os concellos arriba citados veñen colaborando na promoción conxunta deste entroido, acadando obxectivos importantes de difusión e posta en valor, como foi a declaración de Festa de Galicia de Interese Turístico en setembro de 2013.

Por decreto de alcaldía de data 16 de maio de 2016, aprobouse que o Concello de Teo actuara en representación dos demais concellos para a solicitude de axudas a distintos organismos vinculados coa promoción cultural, así como formalizar un convenio colectivo coas Deputacións de Coruña e Pontevedra dunha axuda económica para soste este gasto anual, a través da subvención do Departamento de Cooperación, Plans provinciais xerais, Asistencia a municipios, Turismo e Patrimonio histórico- artístico.

Mediante requirimento ó concello de Teo, a Deputación da Coruña solicita para tramitar o convenio colectivo, a aprobación plenaria de cada concello, da solicitude de convenio colectivo e do seu contido (memoria e orzamento).

O Sr. Canabal di que “anunciamos de antemán o apoio a este punto.

Aínda que dende o noso grupo consideramos que pode ser moi mellorable a exaltación do Entroido, vemos necesario a colaboración de todas as institución no enalzamento do Entroido da Ulla, como forma xenuína deste val (existen algunhas cousas máis que poderían enalzarse, como son a música, outras tradicións culturais...) ao fin de demostrar que a Comarca da Ulla (sobardando as trasnoitadas estruturas provinciais) ten un carácter xenuíno para podela considerar como tal e desenvolver moitas outras accións que beneficien á súa veciñanza.

Tamén no desenvolvemento de estruturas administrativas que serían máis racionais que as vellas deputacións.

Polo tanto apoiamos a iniciativa.

Sen máis, por unanimidade acórdase:

1. Aprobar a solicitude de convenio colectivo coa Deputación da Coruña e do seu contido (memoria e orzamento).
2. Remitir este acordo ao Concello de Teo

9. - Mocións número 16/1928 e número 16/1929 presentadas pola agrupación municipal Veciñ@s de Boqueixón

A. Moción número 16/1928 “Compromiso por un mundo rural galego vivo

Defende esta moción a Sra. Soutullo Carolo.

Como dou por suposto que a moción a lemos todos tan só vou facer un resumo dos puntos máis importantes.

A realidade actual do mundo rural galego é envellecemento, abandono, desertización, desestruturación do territorio, risco de incendios, perda de dinamismo social e económico...

Esta realidade responde a políticas neoliberais que teñen por obxectivo a eliminación dos servizos (supresión de escolas, infraestruturas sanitarias, copagamentos, privatización dos montes, ...).

A crise que levan padecendo os nosos sectores produtivos agrarios está na orixe desta situación. Comézase por imposibilitar que a xente poida vivir do seu traballo para logo ofrecer como saída o abandono e o monocultivo forestal de crecemento rápido nas terras agrarias abandonadas.

E por iso que sometemos a pleno as seguintes unha batería de medidas das que destacamos:

A – Unha nova política agrogandeira .

- Prezos que cubran os custos de produción.
- Impedir que os nosos produtos emigren sen xerar valor no País.
- Fomento da economía social, cooperativismo, asociacionismo agrario, ordenación dos usos da terra e do territorio.

B – Política medioambiental .

- Suprimir axudas a silvicultura e a forestación con especies pirófitas.
- Adoptar a actividade forestal ao cambio climático.
- Alternativas para evitar a degradación e a perda de solo fértil nos montes.
- Cancelar a prorroga a fábrica ENCE.

C – Política de montes

- Poñer en valor as UXFOR.
- Modificación da lei de montes.

D – Medidas para combater os lumes forestais.

- Considerar que os lumes non queiman só monte senón territorio (superficie forestal, cultivos, paisaxe, vivendas, biodiversidade, ...). E un problema para o País.
- Prevención dos lumes todo o ano, non só no verán.
- Posta en valor dos montes veciñais.
- Considerar a labor de extinción dos lumes coma un servizo público con criterios profesionais.

A moción expón medidas agrogandeiras, medioambientais, de ordenación do monte e da loita contra os incendios forestais para reverter a situación actual do abandono do noso rural.

Todas as medidas expostas neste acordo pretenden o asentamento no rural. Todos os aquí presentes defendemos unhas condicións dignas para as xentes do rural pero isto non se pode quedar só en boas intencións, palabrería barata, senón que temos que

asumir compromisos e forzar aos nosos gobernantes a cumprir os acordos que se adopten.

E por iso que pedimos o apoio do Pleno a esta moción.

Exposición da Moción

Por todo o mundo é recoñecida a realidade actual do mundo rural galego. Realidade que ven caracterizada por un elevado grao de envellecemento, abandono e desertización de practicamente todas as zonas rurais de Galicia e que ten o seu reflexo na desestruturación do territorio o que leva aparelado elevados riscos de incendios de grandes dimensións, perda de diversidade biolóxica e o máis importante a perda de dinamismo social e económico das zonas afectadas por este fenómeno.

Mais esta realidade responde á aplicación de políticas neoliberais que teñen por obxectivo a eliminación dos servizos e dereitos das poboacións rurais (supresión de escolas, de infraestruturas sanitarias, copagamentos, eliminación das políticas de dependencia, ...); a consideración do medio ambiente como moeda de cambio en beneficio do grande capital, permitíndolle destruíren claves de grande valor a cambio de pagar traballos de melloras ambientais noutros lugares, ou como un aspecto residual nas diversas lexislacións que afectan ao rural, tales como as directrices para a elaboración do novo Plano Forestal, as leis do solo, de industria, o plano da minería, do litoral, Rede Natura, ...; a privatización da xestión dos montes veciñais en beneficio de empresas privadas, xunto coa promoción e implantación de monocultivos forestais de crecemento rápido, cultivos enerxéticos e megaminería e a instalación de industrias de enclave; a consideración do rural como lugar de desfrute das elites sociais (campos de golf, coutos de caza maior, zonas residenciais, centros comerciais, ...) e a aplicación dunha Política Agraria Común (PAC) que destrúe as economías familiares en beneficio das multinacionais. Todas estas accións dan como resultado que Galicia fiquese cada vez máis vulnerable e dependente, impedida de dispor dunha política agro rural propia, feita en función das súas necesidades.

En concreto a crise que levan padecendo durante anos os nosos sectores produtivos agrarios está na orixe desta situación. Comezase por imposibilitar que axente poda vivir do seu traballo, mediante a imposición de prezos ridículos e obstruíndo toda alternativa posible, para logo lle ofrecer como a mellor saída o abandono e o monocultivo forestal de crecemento rápido nas terras agrarias abandonadas.

É por iso que sometemos ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

Asinar o COMPROMISO POR UN MUNDO RURAL GALEGO VIVO (documento asinado o pasado mes de agosto por diversas institucións galegas) que ten como obxectivo a posta en valor do medio rural coma elemento de creación de emprego e xeración de riqueza, consistente nunha serie de medidas que relacionamos a continuación.

A.- Política Agro-Gandeira:

1. Marco galego de negociación que permita chegar a acordos entre as partes, e que teña como obxectivo conseguir que os prezos percibidos polo sector produtor cubran os custos de produción.
2. Potenciar o peche dos ciclos produtivos, impedindo que as nosas producións

- emigren sen xerar valor acrescentado no País.
3. Promover e fomentar os circuítos curtos de comercialización, distribución e consumo, como forma de garantir produtos de calidade ao tempo que se contribúe ao tan necesario aforro enerxético.
 4. Fomento da economía social. Rexenerar o cooperativismo e o asociacionismo agrario. Incentivar a constitución de cooperativas de explotación comunitaria.
 5. Plano de ordenación de usos da terra e de orientación de cultivos. Tendo como obxectivo a mobilización das terras de cultivo e o fomento do correcto aproveitamento da superficie forraxeira. Rematar coa forestación de terras agrarias e recuperar as terras de vocación agraria hoxe forestadas.
 6. Ordenación do territorio: Compromiso de evitar a construción de grandes infraestruturas de obra pública que desnaturalicen e devasten o entorno e riqueza paisaxística, patrimonial e cultural.
 7. Solicitar do goberno galego en uso das súas plenas competencias a oposición ao TTIP (Parcería Transatlántica para o Comercio e os Investimentos) por supor un atentado contra a seguridade e a soberanía alimentar do pobo galego.

B.- Política Medioambiental:

1. Suprimir calquera axuda á silvicultura e á forestación con especies pirófitas, dirixindo os fondos públicos cara o fomento das especies autóctonas, o abandono do eucalipto e promovendo modelos de aproveitamento multifuncional e sustentable.
2. Reducir a superficie ocupada polo *Eucalyptus globulus* e prohibir a forestación con *Eucalyptus nitens* e outras especies invasoras en todo o territorio galego.
3. Prohibir o cultivo de especies alóctonas nos espazos protexidos abandonando a pretensión de “xestionar activamente” os bosque de ribeira e as etapas maduras de sucesións ecolóxicas.
4. Impedir os cultivos enerxéticos e o aproveitamento da biomasa forestal residual exclusivamente con fins enerxéticos, priorizando o uso da biomasa para restituír a materia orgánica e os nutrientes ao solo, así como a compostaxe.
5. Adaptar a actividade forestal ao cambio climático, tendo en conta as situacións de risco (lumes, erosión, perda de capacidade de retención e de fertilidade, etc) nos nosos montes.
6. Propoñer alternativas para evitar a degradación e a perda de solo fértil nos montes. Reverter este proceso é imprescindible para garantir a existencia dos propios sistemas forestais, a conservación dos ecosistemas e a produción de recursos no futuro.
7. Cancelar a prórroga concedida á fabrica ENCE en Lourizán, de cara a terminar coas prexudiciais imposicións desta empresa na política forestal.

C.- Política de Montes:

1. Modificación da Lei de Montes de Galicia actualmente vixente, para que:
 - Se recoñeza a titularidade comunitaria como unha máis e distinta da titularidade pública e privada. Compromiso para dotar á administración pública galega dun órgano específico para atender as necesidades da propiedade comunal.
 - Se condonen as falsas e inxustas débedas dos montes veciñais conveniados ou consorciados e, segundo os casos, manter os convenios.
 - Que o reinvestimento obrigado na mellora dos montes veciñais sexa segundo os planos de ordenación e atendendo ás características do monte e

- da veciñanza comuneira.
- Que a Administración competente en materia de montes asuma o compromiso de realizar os deslindes dos montes veciñais.
2. Retirada do Parlamento de Galego das directrices para a revisión do Plano Forestal de Galiza (Plano para o Monte Galego), e a elaboración de outras contando coa participación de todas as entidades que viven, traballan ou xestionan o medio rural.
 3. Eliminar a obriga de presentar o Imposto de Sociedades ás comunidades de montes veciñais. Elaboración desde Galiza dunha fiscalidade propia e axeitada á figura do monte veciñal e ás súas funcións.
 4. Creación dun selo de certificación forestal galego e público.
 5. Apoio aos aproveitamentos en común dos montes particulares, derogando as Sociedades de Fomentos Forestal (SOFOR) e pondo en vigor as Unidades de Xestión Forestal (UXFOR), e outras formas asociativas e/ou cooperativas.
 6. Reformulación dos órganos consultivos e de participación relacionados coa política de montes.
 7. Aposta por un monte funcional no que se contemple a posta en valor do patrimonio etnográfico e cultural.
 8. Adecuación das axudas concedidas para labores nos montes tendo en conta a finalidade e estacionalidade dos traballos.

D.- Medidas para combater os lumes forestais:

1. Considera que os lumes forestais non queiman só monte, senón que queiman territorio (superficie de monte, cultivos, paisaxe, biodiversidade, vivendas, etc.). É, xa que logo, un problema de País.
2. A prevención dos lumes forestais ten que facerse durante todo o ano e non só no verán. Entendendo o concepto de prevención no seu xusto termo, isto é: a posta en valor dos montes de xeito multifuncional e substentable.
3. Apostar pola implicación das persoas titulares das terras na posta en valor dos montes veciñais. Estes teñen que ser os principais beneficiarios destas axudas e non as empresas forestais privadas ou as Sociedades de Fomento Forestal (SOFOR).
4. A loita contra os lumes forestais, na súa faceta de extinción, debe facerse desde a consideración que esta ten de ser un servizo público e levado a cabo con criterios profesionais.

O Sr. alcalde di que nesta moción votarán en contra, porque hai algúns parámetros cos que non están de acordo aínda que si aceptan que se debe fortalecer o sector agrario.

Cos votos a favor de Veciñ@s de Boqueixón e en contra do PP rexeitase esta moción número 16/1928.

B. Moción nº 16/1929, sobre o aforro e a eficiencia enerxética

Defende esta moción o Sr. Barcala.

O Grupo municipal de Veciñ@s, ao abeiro do disposto na Lei de Bases de Réxime Local, e nos regulamentos que a desenvolven, presentamos ao Pleno da Corporación do Concello de Boqueixón a seguinte moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O aforro e a eficiencia enerxética están entre as preocupacións da cidadanía e, por extensión, das institucións; isto despréndese dos diversos compromisos asumidos por moitos concellos sobre obxectivos enerxéticos: Carta de Aalborg , axenda 21 e o pacto de alcaldes e alcaldesas por unha enerxía sostible e local.

Este último, é o máis salientable, a día de hoxe; foi asinado por 1.444 municipios españois entre os cales podemos atopar municipios galegos coma Santiago de Compostela, A Coruña, O Barco de Valdeorras... pero por desgraza o Concello de Boqueixón non está nesa lista.

Dito pacto enmárcase nun proxecto europeo que pretende implicar a autoridades locais e rexionais no aumento da eficiencia enerxética no seu territorio.

A adhesión supón o compromiso de cumprir o obxectivo da UE de reducir un 20% as emisións de CO2 de cara ó ano 2020 así coma a desenvolver e implementar medidas e accións recollidas no Plan de Acción para a Enerxía Sostible (PAES).

Por todo isto, dende Veciñ@s de Boqueixón propoñemos dotarnos dun PAES no que se inclúa unha ferramenta práctica denominada “EURONET50/50” que ademais de contribuir a reducir directamente o consumo enerxético e as emisións de CO2 dos edificios públicos involucrados, promove un cambio de costumes nos seus usuarios.

Para a implantación nos centros escolares seguiríamos unha metodoloxía resumida en 8 pasos:

- 1) Constitución dun grupo de estudo.
- 2) Facer un percorrido polos centros que queiran adherirse.
- 3) Coñecer, tomar conciencia e planificar as accións de aforro enerxético subscepcibles de ser aplicadas.
- 4) Extracción de datos de referencia.
- 5) Solucións para novos consumos.
- 6) Campaña informativa.
- 7) Informar das medidas para un maior aforro.
- 8) Informar sobre o diñeiro aforrado e decidir en que vai a empregarse.

O incentivo para todos aqueles centros que se sumen, son os beneficios económicos obtidos, de aí o nome 50/50 xa que a metade deses beneficios serán destinados a implementación de novas medidas de aforro enerxético (implantación de toldos, persianas...) e o outro 50% será destinado a melloras educativas que estime oportuno o Consello Escolar.

É por iso que sometemos ao Pleno do Concello a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Que o Concello de Boqueixón se sume ó pacto de alcaldes e alcaldesas para a defensa dunha enerxía local e sostible e de acordo cos compromisos que se adquiren como asinantes do pacto, se desenvolva e implemente un plan de acción para a enerxía sostible (PAES).

Segundo: Que o Concello de Boqueixón impulse e lidere a posta en marcha do EURONET 50/50 MAX co obxectivo de desenvolver unha metodoloxía de aforro enerxético en edificios públicos de titularidade e xestión municipal.

Terceiro: Desenvolver as accións de difusión e comunicación, así coma un calendario de execución para o ano 2016 e seguintes.

Cuarto: Implementar, en edificios públicos de xestión municipal, as medidas de monitorización e auditoría enerxética necesarias para avaliar os resultados do plan.

Quinto: Requirir á Xunta de Galicia que leve a cabo a promoción desta iniciativa en edificios públicos e de xestión pública.

O Sr. alcalde di que hai puntos desta moción que son interesantes e falarase co persoal que controla as facturas relacionadas coa enerxía eléctrica, para que miren este tema.

Por unanimidade apróbase esta moción.

10. - Información da alcaldía

Dáse conta dos decretos habidos desde o 11 de xullo ata o 9 de setembro do 2016. Do cal se dan por enterados.

11. Punto Urxente: iniciación trámites para o procedemento expropiatorio para a execución do “Proxecto de conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral”.

Motívase a urxencia deste punto, por un lado, porque o prazo de execución e xustificación do proxecto financiado nun 80% pola consellería de economía, emprego e industria, finaliza o 15 de novembro deste ano. E por outro lado, porque con data 12 de setembro 2016, rexistro entrada 1943, recíbese no concello un escrito presentado por don José Manuel xxxxx no cal solicita que o concello se absteña de efectuar ningunha clase de obra sobre a finca nº 138, aínda que consta no concello o escrito de data 21 de xullo deste ano asinado por dona Herminda xxxxx e don Luís xxxxx autorizando a ocupación da citada parcela para a execución das obras.

Acórdase, por unanimidade a urxencia deste punto.

INICIACIÓN TRÁMITES PARA A OCUPACIÓN DA PARCELA Nº 138, MEDIANTE EXPROPIACIÓN.

Antecedentes

- 1.- Por resolución de data 22 de febreiro de 2016 aprobose o proxecto “Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á Rede Xeral” cun presuposto de 93.298,64 €.
- 2.- Para a execución do citado proxecto, é necesario ocupar, entre outras unha parte da parcela 138 pola que discorre parte das conducións, e ao que o sr. xxxxx se opón. Por este motivo resulta necesario a imposición dunha servidume de acueduto e a ocupación temporal dos terreos durante a execución das obras.
- 3.- A execución deste proxecto é necesario, debido a que a actual depuradora non ten suficiente capacidade para a depuración das augas polo que habitualmente non se cumpren os parámetros esixibles e en consecuencia son constantes os requirimentos e sancións de augas de Galicia ao concello.

Consideracións xurídicas

- 1.- Tal como se establece no artigo 27 e na disposición adicional oitava da Lei 9/2010 de Augas de Galicia, ás obras hidráulicas se lle aplicará o réxime xurídico de obras de

interese xeral, e polo tanto conleva implícita a declaración de utilidade pública e a **necesidade de urxente ocupación** dos bens e adquisición dos dereitos, ao fin da expropiación forzosa e ocupación temporal, tal como así se establece no apartado 1 do artigo 29 da citada lei de augas.

2.- O artigo 15 e seguintes da lei de expropiación forzosa, establece que declarada a utilidade pública ou interese social, a administración resolverá sobre a necesidade concreta de ocupar os bens e adquirir os dereitos estritamente necesarios para o fin da expropiación.

Con esta finalidade, débese formular unha **relación concreta e individualizada** na que se describan todos os aspectos materiais e xurídicos dos bens ou dereitos. Aprobada esta relación, deberá expoñerse ao público durante 15 días mediante publicación no BOP, no D.O.G, na páxina web municipal e no taboleiro de edictos.

A vista das alegacións formuladas por quen compareza no trámite da información pública, o pleno previas as comprobacións pertinentes, resolverá no prazo máximo de 20 días, sobre a **necesidade da ocupación**.

Este acordo de necesidade de ocupación inicia o expediente expropiatorio, que deberá ser publicado de igual forma (BOP e no DOG e páxina web municipal e taboleiro de edictos) e notificarse individualmente.

Unha vez realizados, estes trámites, administración e particular poderán convir a adquisición dos bens ou dereitos, e neste caso darase por concluído este expediente. No caso de que no prazo de 15 días non se chegue a tal acordo, iniciárase o expediente ordinario para fixar o xustiprezo en peza separada. Isto supón que a administración debe solicitar ao propietario que presente a “folla de aprecio” na que se concrete o valor en que estime o obxecto que se expropia e a administración deberá aceptar ou rexeitar dita valoración no prazo de 20 días. No caso de non aceptar, será a administración a que estableza a “folla de aprecio” que se notificará ao propietario o cal no prazo de 10 días pode aceptala ou rexeitala.

Se o propietario a rexeita, o expediente de xustiprezo pasará ao xurado provincial de expropiación, tal como así se establece nos artigos 29 e seguintes da Lei 16 decembro de 1954 (modificada 31 outubro 2015) sobre expropiación forzosa.

Tal como establece o artigo 52 da referida lei de expropiación forzosa, poderá declararse urxente a ocupación, o cal tal como se indica na consideración xurídica 1, esta declaración urxente xa está declarada en virtude do establecido na lei de augas de Galicia (para as obras hidráulicas)

Esta declaración de urxente ocupación implicará:

- a) Que se entende cumprido o trámite de declaración de necesidade de ocupación e dará, polo tanto, dereito a súa ocupación inmediata.
- b) Que se deberá notificar aos interesados día e hora na que deba levantarse acta previa de ocupación. Esta notificación deberá efectuarse cunha antelación mínima de 8 días. Igualmente publicarase no BOP, DOG, páxina web e taboleiro de edictos con antelación de 8 días.
- c) No día indicado, na parcela obxecto de expropiación reuniranse os propietarios e alcalde e levantase acta.

- d) Á vista da acta previa á ocupación e dos documentos que existan ou se aporten ao expediente, a administración formulará a folla de depósito previa á ocupación.
- e) A administración fixará así mesmo o importe da indemnización polo prexuízo derivado da rapidez da ocupación, se os houbese.
- f) Efectuado o depósito e aboada ou consignada a indemnización, a administración procederá á inmediata ocupación do ben.
- g) Efectuada a ocupación da parcela tramitarase o expediente de expropiación na súas fases de xustiprezo e pago segundo a regulación xeral anteriormente indicada.

O Informe técnico de data 13 de setembro do 2016, do enxeñeiro técnico agrícola, que se transcribe literalmente, sinala:

“OBRA: Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral

TERMO MUNICIPAL: Boqueixón

A fin de obtelos terreos necesarios para a execución do proxecto de Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral, o concello de Boqueixón prevé ó inicio do oportuno procedemento de expropiación forzosa.

A meirande parte das conducións discorren por terreos dos que o concello xa ten a dispoñibilidade, agás a finca que se inclúe no presente anexo de expropiación.

Resulta necesaria a imposición dunha servidume de acueduto, e así mesmo, a ocupación temporal dos terreos durante a execución das obras. No espazo que ocupan os pozos, exprópiase o terreo en pleno dominio (1 x 1m).

Para o mantemento da instalación e conducións prevese un ancho de servidume de acueduto de 2 metros ao longo de todo o trazado. Entenderase implícito na servidume forzosa de acueduto o dereito de paso polas marxes para o exclusivo servizo do mesmo.

Para a execución da obra resulta necesario dispor dun ancho de ocupación temporal dos terreos de 5 m.

De acordo co establecido no artigo 10 da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954, a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación de inmobles, en tódolos plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio.

O artigo 94 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto Refundido de Disposicións vixentes en materia de Réxime Local, dispón que as obras comprendidas nos plans de obras e servizos locais, incluídos os plans provinciais de cooperación, levarán anexa a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos terreos e edificios neles comprendidos a efectos da súa expropiación forzosa.

Pola súa parte, a disposición adicional oitava da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de Augas de Galicia establece que o réxime xurídico regulado nos artigos 28 e 29 da presente lei con relación á declaración e efectos xurídicos da declaración, respectivamente, das obras hidráulicas de interese xeral no ámbito do abastecemento, saneamento e depuración de augas residuais, así como no da conservación e mellora

do dominio público hidráulico, é de aplicación ao resto de obras hidráulicas segundo a definición que se contén no artigo 2 desta lei.

O artigo 29 regula o réxime xurídico aplicable ás obras hidráulicas de interese da comunidade autónoma de Galicia, e a estes efectos establece que a aprobación definitiva do proxecto, anteprojecto ou documento similar levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e adquisición de dereitos, a fins de expropiación forzosa e ocupación temporal.

O artigo 2 desta norma, no seu número 31, dispón que enténdese por obra hidráulica, entre outras, o saneamento.

Segundo o exposto, a obra de saneamento que se define no proxecto trátase dunha obra hidráulica e, como tal, a aprobación do mesmo leva implícita a utilidade pública e a urxente ocupación, en aplicación da normativa de augas.

Aos efectos da valoración dos bens afectados, resultan de aplicación o Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana (TRLRSRU), e o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do Solo. A estes efectos, establece o artigo 34.1 apartado b) do TRLRSRU que as valoracións do solo, as instalacións, construcións e edificacións, e os dereitos constituídos sobre ou en relación con eles, rísense polo disposto nesta lei cando teñan por obxecto a fixación do xusto prezo na expropiación, calquera que sexa a finalidade desta e a lexislación que a motive.

Boqueixón conta actualmente con Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM). O PXOM clasifica os terreos afectados como solo rústico. Por tratarse dun solo rústico, encóntrase na situación básica de rural, segundo o disposto no artigo 21 do TRLRSRU.

Como establece o artigo 36 do TRLRSRU, dando o solo sexa rural aos efectos desta lei, os terreos taxaranse mediante a capitalización da renda anual real ou potencial, a se sexa superior, da explotación segundo o seu estado no momento ao que deba entenderse referida a valoración.

A renda potencial calcularase atendendo ao rendemento do uso, disfrute ou explotación de que sexan susceptibles os terreos conforme á lexislación que lles sexa aplicable, utilizando os medios técnicos normais para a súa protección. Incluirá, no seu caso, como ingresos as subvencións que, con carácter estable, se outorguen aos cultivos e aproveitamentos considerados para o seu cálculo e descontaranse os custos necesarios para a explotación considerada.

O valor do solo rural así obtido poderá ser corrixido á alza en función de factores obxectivos de localización, como a accesibilidade a núcleos de poboación ou a centros de actividade económica ou a ubicación en entornos de singular valor ambiental ou paisaxístico, cuxa aplicación e ponderación haberá de ser xustificada no correspondente expediente de valoración, todo elo nos termos que regulamentariamente se establezan.

Para obter o valor dunha ha de solo, realizarase a capitalización da renda potencial de explotacións rurais, tal e como establece o artigo 10 RVLS, e considerando como cultivos potenciais os probables implantados na zona.

O artigo 11 de dito regulamento establece que na capitalización da renda real ou potencial da explotación en solo rural deberase considerar en todo caso un escenario ilimitado que contemple a permanencia do solo rural. Atendendo ás diferentes clases de explotacións, carácter cíclico das mesmas e en atención á natureza de determinados recursos que se poidan establecer, procederas dividir unha duración ilimitada nun número determinado de duracións limitadas como se prevé nos artigos 13, 14, 15 de este regulamento.

A capitalización da renda real ou potencial da explotación, con carácter xeral, realízase utilizando la seguinte expresión (art. 11 RVLS, letra a)):

$$V = R_1/(1+r)^1 + R_2/(1+r)^2 + \dots + R_n/(1+r)^n = \sum_{i=1}^{n \rightarrow \infty} R_i/(1+r)^i$$

onde:

V= valor de capitalización, en euros

R_1, R_2, \dots, R_n = renda anual da explotación dende o primeiro ano ata o final da duración ilimitada da vida útil, en euros.

r= tipo de capitalización

i= índice de suma

n= número de anos, sendo $n \rightarrow \infty$

Pola súa parte, o artigo 13 letra c) RVLS establece que cando as rendas variables evolucionen no tempo en ciclos periódicos, de duración k, e a valoración se realice ao inicio do ciclo, o valor de capitalización, V, será:

$$V = (R_1/(1+r_2)^1 + R_2/(1+r_2)^2 + \dots + R_k/(1+r_2)^k) \cdot ((1+r_2)^k / (1+r_2)^k - 1)$$

A renda calcularase de acordo co previsto no artigo 9 RVLS, e determinarase a partir da información técnica e económica da explotación considerada. Establecéronse partidas de ingresos e gastos en función dos coñecementos técnicos e experiencia acreditada e valoracións, así como da información procedente de estudos e publicacións de Administración se outros profesionais sobre rendementos, prezos e custos, sendo a renda, R, a diferenza entre ingresos e custos.

O artigo 12 RVLS dispón que como tipo de capitalización aplicable con carácter xeral, r1, utilizarase o establecido no apartado 1 da Disposición adicional sétima do TRLSRU, que establece que “para a capitalización da renda anual real ou potencial da explotación a que se refire o apartado 1 do art. 36, utilizarase como tipo de capitalización o valor promedio dos datos anuais publicados polo Banco de España da rendabilidade das Obligacións do Estado a 30 anos, correspondentes aos tres anos anteriores á data a que deba entenderse referida a valoración”.

Este tipo de capitalización, segundo as referencias publicadas polo Banco de España a que se refire a mencionada Disposición Adicional 7ª, é de 3,67.

Non obstante, o art. 12 RVLS indica así mesmo que cando no solo rural se desenvolvan actividades agropecuarias y forestais, utilizarase como tipo de capitalización, r_2 , o resultado de multiplicar o tipo de capitalización xeral r_1 polo coeficiente corrector establecido na táboa do Anexo I deste regulamento segundo o tipo de cultivo ou aproveitamento. Establécense a estes efectos coeficientes correctores da taxa de capitalización de 0,58 aplicable ás plantacións forestais, polo que se obterían as seguintes taxas reais de capitalización:

- monte: $3,67 * 0,58 = 0,021286$

A valoración final do solo obtida incrementouse tendo en conta o factor de localización, aplicado de acordo cos criterios previstos no art. 17 RVLS.

A estes efectos, aplícase o produto dos factores u_1 e u_2 , sendo

- U_1 , o factor que determina a accesibilidade a núcleos de poboación, calculado de acordo coa seguinte fórmula:

$$U_1 = 1 + (P_1 + P_2/3) \cdot 1/1.000.000$$

onde:

P_1 = número de habitantes de núcleos de poboación a menos de 4 km de distancia medida a vo de paxaro. Considerouse o núcleo de Pumares nesta valoración.

P_2 = número de habitantes de núcleos de poboación a mais de 4 km e a menos de 40 km. Tomouse como núcleo a menos de 40 km la poboación de Santiago de Compostela.

- U_2 , a accesibilidade a centros de actividade económica, de acordo coa seguinte fórmula:

$$U_2 = 1,6 - 0,01 \cdot d$$

onde:

d = distancia quilométrica dende o inmovible utilizando as vías de transporte existentes e considerando o traxecto mais favorable. Considerouse como centro de actividade económica Santiago de Compostela.

Non se aplica o factor U_3 por considerar que non existen circunstancias que deban incrementalo valor do solo en función de singulares valores ambientais ou paisaxísticos. Polo tanto, aplícase a este factor U_3 o valor da unidade.

Do produto destes tres factores obtense un valor do factor de localización de 1,61, que se aplicará sobre o valor do solo.

u_1	1,027
u_2	1,532
u_3	1
Factor localización	1,573

Segundo o disposto, obtense un prezo unitario de solo destinado a plantación forestal de 1,76 €/m².

O terreo afectado encóntrase cheo de maleza, non sendo posible o tránsito polo mesmo. Existe algunha árbore de ribeira.

Resultan afectadas as seguintes superficies:

- 1 m² en pleno dominio
- 20 m² nos que se impón unha servidume de acueduto

- 53 m2 ocupación temporal

Os prezos para a servidume e a ocupación temporal establécense como unha porcentaxe do valor do solo, segundo os criterios empregados pola xurisprudencia e os xurados de expropiación. A estes efectos, fíxase como valor da servidume un 70% do valor do solo, e como valor da ocupación temporal un 6% deste, resultando os seguintes prezos unitarios:

- valor do solo expropiado (rústico –matorral con árbores de ribeira): 1,76 €/m2
- valor servidume de acueduto: 1,23 €/m2
- valor ocupación temporal: 0,11 €/m2

A superficie con árbores de ribeira tálxase a 0,30 €/m2.

O valor do terreo en pleno dominio e as árbores deberá incrementarse co 5% que procede como premio de afección.

Segundo o exposto, o valor dos bens e dereitos afectados polo proxecto de referencia ascende á cantidade de **CINCONTA E CATRO EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (54,48 €)**.

En Santiago de Compostela, a 13 de setembro de 2016

O Enxeñeiro técnico agrícola

Ignacio José Alonso Díaz”

Conclusión

Os trámites que se deben efectuar, e tendo en conta que o proxecto xa foi aprobado e que **está declarado o interese xeral e a necesidade de urxente ocupación**, serán os seguintes:

1. Aprobación da relación de propietarios e titulares de bens e dereitos afectados.
2. Información pública mediante anuncios no BOP, D.O.G, páxina web municipal e taboleiro de edictos, por un prazo 15 días.
3. En virtude do establecido na disposición adicional 8º da lei de Augas de Galicia, recoñecer a utilidade pública e urxente ocupación.
4. Fixar a data para o levantamento da acta previa á ocupación e notificar aos interesados cunha antelación mínima de 8 días. Coa mesma anticipación publicarase edicto no taboleiro de edictos, no BOP e no DO.G.
5. Unha vez efectuada a referida acta previa á ocupación, e dentro do prazo que se fixe ao efecto, a administración formulará as follas de depósito previo á ocupación, así como o importe da indemnización polos posibles prexuízos derivados da rapidez da ocupación.
6. Efectuado o depósito e aboada ou consignada, no seu caso, a previa indemnización por prexuízos, a administración procederá á inmediata ocupación do ben.
7. Efectuada a ocupación da finca tramitarase o expediente de expropiación nas fases de xustiprezo e pago, podendo darse dúas situacións:
 - a) Mutuo acordo: asinarase unha acta de avenencia ou adhesión á expropiación procedéndose co pago.

b) Inicio peza separada de xustiprezo:

- Administración requirirá follla de aprecio aos propietarios na que se concretará o valor do obxecto expropiado, nun prazo de 20 días.
- Administración acepta ou rexeita no prazo de 20 días.
- Se administración rexeita, formulará follla de aprecio que notificará aos propietarios, que no prazo de 10 días aceptarán ou rexeitarán.
- Se os propietarios rexeitan o prezo ofrecido pola administración, o expediente de xustiprezo pasará ao xulgado provincial de expropiación.

Por todo o cal, e tendo en conta que o prazo máximo para a execución e xustificación do proxecto, finaliza o 15 de novembro, cos votos a favor do PP e coa abstención da agrupación Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

1. Aprobar a seguinte relación de bens e dereitos, así como os seus titulares, que se consideran de necesaria e urxente ocupación para a execución das obras comprendidas no proxecto de “Conexión dos colectores de saneamento do polígono industrial de Sergude á rede xeral”.
 - Finca : 1
 - Referencia catastral: 15012C505001380000DK
 - Nº de parcela: 138
 - Propietarios: Herdeiros de don José Raviña Devesa
 - Domicilio: A Igrexa, 22 – Sergude
 - Situación da parcela: Sergude
 - Natureza urbanística: Rústica
 - Superficie afectada:
 - Pleno dominio: 1 m2
 - Servidume acueducto: 20 m2
 - Ocupación temporal: 53 m2
 - Outros bens afectados: 74 m2 árbores de ribeira.
 - Cultivo real: matorral con árbores de ribeira.
2. Recoñecer a utilidade pública e urxente ocupación en virtude do establecido na disposición adicional 8º da Lei de Augas de Galicia.
3. Publicar este acordo no BOP, no D.O.G, no taboleiro de edictos e na páxina web municipal, durante un prazo de 15 días.
4. Fixar a data para o levantamento da acta previa á ocupación, o día 24 de outubro ás 11:30 horas e notificar aos interesados cunha antelación mínima de 8 días. Coa mesma anticipación publicarase edicto no taboleiro de edictos, no DOG, no BOP, e na páxina web municipal.
5. Delegar no alcalde a competencia para a realización dos seguintes trámites do procedemento expropiatorio.

12. Rogos e preguntas

A concelleira Maria Carmen Soutullo presenta os seguintes ROGOS E PREGUNTAS:

A) Plan de posta en valor do Pico Sacro

Como reflicten vostedes na revista municipal, están a deseñar un Plan de Posta en valor deste espazo (dende novembro do 2015), para tentar convertelo no motor turístico do municipio.

Segundo din, o Plan propón a creación dunha marca turística propia que leve o nome do Pico Sacro, con varias liñas de actuación:

- 1) Recuperación e estudo das fontes históricas e documentais:
 - Unha comisión de expertos encargarse da recompilación dos fondos para expoñelos no Centro de Interpretación do Pico promovendo conferencias e debates.
 - Convocar un certame literario sobre lendas e mitoloxía.
 - Proxecto educativo Dragal (3ª edición nesta ano 2016).
- 2) Proxecto de sinalización, accesibilidade e acondicionamento (46.479,22 euros):
 - Mellora da zona de aparcadoiro.
 - Reposición da varanda de madeira con balaustre.
 - Acondicionamento da ermida e dos restos da fortificación medieval.
 - Acondicionamento do acceso á boca da cova norte.
 - Reposición das travesas na escaleira de acceso.
 - Sinalización direccional e estática.
 - Roza das sendas.
- 3) Proxecto de voluntariado ligado ao Pico Sacro:
 - Campos de traballo.
- 4) Desenvolvemento turístico integral:
 - Web/Facebook...

Preguntas:

- Nun tema de interese supramunicipal coma este, por que non se nos convocou para valorar e analizar conxuntamente as distintas posibilidades de valorización deste sinal de identidade de Boqueixón?
- Quenes formarán a comisión de expertos?
- En que punto está dito Plan?
- Que accións se levarán a cabo a curto-medio e longo prazo?
- As propostas do Grupo Municipal de Veciñ@s neste senso son as seguintes:
 - i. Aproveitar o inicio do V Obradoiro de Emprego Boqueixón-Vedra (xardinería e carpintaría) para realizar diversas actividades formativas que melloren este enclave.
 - ii. Favorecer mediante a implantación das “Patrullas Verdes” a limpeza periódica da zona.
 - iii. Promocionar e sinalizar as distintas rutas de sendeirismo do municipio, entre as que se atopa a que une a Pico con Ponte Ledesma (11 km).
 - iv. Promover diversas actividades co obxectivo de promocionar e potenciar o Centro de Interpretación do Pico e o propio enclave: exposicións fotográficas, cine ó aire libre, obras teatrais, punto de información aos peregrinos que seguen a Vía da Prata...
 - v. Impedir o tránsito dos quads/motos polas ladeiras do monte.
 - vi. Promover o inicio dos trámites de demolición da macroestrutura de cemento que hai nas proximidades do cumio.
 - vii. Impulsar a declaración do Pico Sacro como Ben de Interese Cultural (BIC) implicando a tódalas administracións nesa laboura.
 - viii. Recuperar a Fonte de Santo.

ix. Mellorar os viais de acceso ao monte.

Responde o señor alcalde que se van realizar moitas actuacións e xa se teñen realizadas varias, como as seguintes:

- Un proxecto de valoración sobre a capela de San Sebastián que está a realizar a Consellería de Cultura, pois é moi importante ao tratarse dunha capela do século .
- Hai concedida unha subvención por turismo para a mellora da accesibilidade e sinalización do Pico Sacro, aínda que “Carreteras” no seu informe di que a sinalización non é posible. Incluso a eliminación da vía de tránsito dos quads.

O señor Canabal pregunta si se sabe algo da Fonte do Santo ao que responde o señor alcalde que desa fonte non se sabe nada.

- Estamos traballando (segue dicindo o señor alcalde) nun proxecto de melloras das sendas no tramo da rede natura en Ponteledesma e outras.
- Fíxose un estudo para saber o número de persoas que soben ó pico, para así comprobar se é posible solicitar un guía turístico.
- O tema dos BIC é ambicioso, pero hai outras catalogacións moi interesantes que teñen cabida neste caso.
- A demolición da macroestrutura, estase estudando e estase tratando de localizar os herdeiros e ver as actuacións que se poden facer.

O señor Canabal pregunta por qué molesta tanto falar da Fonte do Santo.

O señor Sanjuás responde que el nunca a viu.

O señor Canabal di que se debería mandar un escrito a Patrimonio.

B) Convenio de colaboración entre o Concello de Boqueixón e RAMSA

Antecedentes:

- Período de vixencia: dende o 01/01/2014 e durante 5 anos prorrogables.

RAMSA comprométese a aportar:

- 0.06 euros/Tm de mineral de cuarzo vendido o ano anterior sempre que se superasen as 100.000 Tm.
- 0.02 euros/Tm de áridos vendidos o ano anterior só se se superaron as 200.000 Tm.
- ≥ 3.000 euros/ano \rightarrow Departamento de Cultura do Concello.
- 3.000 Tms/ano de zaborras e áridos para obras municipais de interese público/fin social cun prezo de 1 euro por Tm máis o IVE correspondente.
- Colaboración coas comisións promotoras de festexos e actividades culturais das parroquias colindantes coa mina.

O concello comprométese a incluír o logotipo de RAMSA nos carteis e propaganda das actuacións nas que no seu financiamento fosen empregados cartos que proveñen das achegas da empresa.

Entregar ao peche de cada exercicio unha relación detallada na que se reflectirán os destinos/obras dados ás cantidades/áridos entregados por RAMSA.

Preguntas:

- Dende a sinatura deste convenio ata a actualidade, que dotación económica anual total achegou a empresa?
- A que actividades se destinaron os 3.000 euros/ano remitidos ao departamento municipal de Cultura?
- Poderíannos remitir a relación detallada na que se reflicten os destinos/obras feitos coas cantidades/áridos entregadas por RAMSA.

Responde o señor alcalde que no ano 2015 ingresou 22.558,08 € máis 3.000 € para actividades culturais e 2.176 máis a través do convenio de colaboración II Edición do Encontro de Fraternidade do Dragal. Segue dicindo o señor alcalde que xa se lle comunicará o destino dos importes aplicados.

Non obstante si se comunica que o importe dos 3.000 euros aplícase á reedición do libro “Boqueixón: música e tradición” e clases de reforzo de inglés no mes de xuño, que ascenderon á cantidade total de 3.061, 40 euros.

C).- Limpeza e rozas

No tocante a este aspecto, imprescindible no noso medio, vostedes falan e falan dun “programa estruturado”; se isto é así, poderían dicirnos onde estarán limpando nos vindeiros días?

Outros concellos fan público, por diversos medios, o seu programa de rozas explicando de forma pormenorizada á veciñanza os medios (humanos e materiais) empregados, as datas, zonas de actuación e km afectos. A isto chámase planificación e transparencia na xestión.

Rogámoslles fagan público qué actuacións se levarán a cabo, onde, cando e con qué periodicidade. Vostedes comprometéronse polo menos a:

- 3 rozas anuais das pistas e rúas dos núcleos de poboación.
- 1 roza anual das estradas municipais asfaltadas.
- 1 roza cada dous anos das pistas de monte.
- ¿Ségueno mantendo? Estaremos expectantes pendentes do seu cumprimento.

Responde o señor alcalde que concretamente a día de hoxe (en setembro) están en Sergude.

D) Portal de transparencia

Dende o goberno municipal díciase que o Portal de Transparencia estaría a “pleno rendemento” a mediados deste ano, pero aínda está en cueiros (en construción).

- E que non tiveron tempo dabondo para o seu desenvolvemento dende o ano 2013?
- Cando estará a “pleno rendemento”?

Responde o señor alcalde que se está publicando todo na páxina web municipal.

E) Rogo do local para grupos

O grupo de Veciños reitera a petición de un local nas dependencias municipais para levar a cabo o seu traballo municipal .

F) Sobre o desfibrilador do concello

No tocante ao desfibrilador mercado recentemente parece que o 061-Fundación de Urgencias sanitarias de Galicia non coñece da súa existencia. É esencial que dita

institución saiba onde se localiza e faga controis periódicos para poder actuar en consecuencia se se precisase.

G) Sobre o tanatorio municipal.

En relación o Tanatorio Municipal, tivemos queixas de varios usuarios referente a falta de atención do persoal e a carencia de limpeza neste edificio.

Rogamos que o Concello tome medidas para solucionar este grave problema .

E se xa se fixo, Cales foron as explicacións que dou a empresa, Casablanca , para ter o tanatorio nesas nefastas condicións?

H) Proxecto de mellora das escolas unitarias.

No tocante aos proxectos de melloras nas escolas unitarias queriamos saber se xa están finalizados e reiteramos a colocación dun punto de luz na Unitaria de Camporrapado.

I) Sobre os danos sufridos por don Manuel xxxxx.

Vista a reclamación por danos sufridos por don Manuel xxxxx o 9 de novembro do 2015 cando circulaba na súa cadeira de rodas por un tramo da estrada municipal denominada "O Portal de Ferro "en Lamas o caer da cadeira e lesionarse.

Rogaríamos se nos informe sobre este feito e como se vai a proceder con esta reclamación.

Neste apartado responde a secretaria-interventora e di que unha vez efectuada a proposta de resolución , remítese ao Consello Consultivo (porque é legalmente esixible cando supera o importe dos 15.000 euros) e con data 13 de setembro do 2016, número de entrada 16/1963, recíbese un escrito do propio Consello no cal solicita que se amplíe o contido do informe técnico no sentido de pronunciarse , entre outras cousas expresamente e de xeito preciso, sobre o estado do lugar no que aconteceu a caída na data na que tivo lugar (que foi o 9 de novembro do 2015 e a denuncia-reclamación ao concello presentouse o 16 de febreiro do 2016)

Remíteuselle esta circular do consello ao técnico don Pablo Blanco (de ETG) e estamos á espera de que emita o correspondente informe.

J) Sobre a revista municipal.

Na portada de esta revista pon: Boqueixón – Revista informativa do concello, Preguntámonos:

- Se esta revista é do concello, por que non temos presenza nela todos os grupos da corporación?
- Por que non se informa nela da actualidade do concello sen sesgos cara o partido gobernante?
- Dáse conta o Sr. alcalde que esta revista semella un álbum de fotos?

Non hai foto na que non este vostede presente. O Sr. alcalde saúda, o alcalde cos veciños, o alcalde coa conselleira, o alcalde cos empresarios, o alcalde no Pico, o alcalde cos mozos, o alcalde cos nenos,....

Pensamos que tódolos grupos da corporación deberíamos ter un espazo na revista , xa que é de todos .

Responde o señor alcalde que trátase unicamente de información institucional.

K) Sobre o Boqueisóns.

Durante os anos 2013 , 2014 e 2015 celebrouse no noso concello o certame musical Boqueisóns (música, baile, gastronomía, e artesanía) con gran éxito de participación.

- Cál é o motivo para que este certame non se siga celebrando?

Consideramos que é importante potenciar a gran cantidade de grupos musicais e baile existentes no noso concello e a súa vez darnos a coñecer.

Responde o señor alcalde que temos que estudalo.

L) SOBRE O XUIZ DE PAZ.

Unha vez mostradas as condolencias polo pasamento de Pedro Munín Devesa.

- Quen vai ser o novo Xuíz de Paz?
- Qué procedementos se seguen para o seu nomeamento?

Responde a secretaria –interventora que neste momento está exercendo as funcións o xuíz de paz suplente e que se debe esperar a que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nos remita un oficio para iniciar os trámites para o nomeamento do xuíz de paz titular.

LL) Sobre a reciclaxe.

Referente a proposta de campaña de reciclaxe que lle fai a Consellería de Medio Ambiente a este concello.

- Que actividades se van a levar a cabo?
- Fíxose algunha campaña informativa referida a recollida de aceites?

Responde o señor alcalde que algo faremos ao respecto.

O concelleiro Sr. Barcala fai os seguintes:

1.- Sobre a numeración das vivendas.

Rogo que se resolva dunha vez o tema na numeración das vivendas no Concello de Boqueixón.

O sistema de numeración que temos na actualidade en certos puntos do Concello non é por situación xeográfica da vivenda senón por orde alfabético dos propietarios, dando situacións certamente surrealistas.

2.- Sobre o aglomerado da pista de Lestedo á Granxa.

A aglomeración recente da pista que une Lestedo á Granxa, reduciu a plataforma da pista dando lugar a situacións moi perigosas en caso de cruzarse dous coches. Ben podían botar uns centímetros máis de aglomerado, mais de non ser así, rogo que se arranxen os arcéns desta pista para reducir a súa perigosidade.

3.- Sobre o padrón do lixo.

Vendo o Padrón individualizado do Lixo vemos moitas disparidades que parecen non atenden a unha lóxica. Por iso preguntamos en base a que criterios se fai o padrón do lixo.

O señor Canabal fai as seguintes :

A) Preguntas sobre a sentenza de 15 de xullo de 2016 sobre o abastecemento de auga

Neste intre faise entrega ao grupo Veciñ@s de Boqueixón da contestación as preguntas formuladas con data 12 de setembro do 2016, rexistro de entrada 16/1955, sobre a sentenza do 15 de xullo do 2016 sobre o abastecemento de auga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 28 de xullo de 2016, recibíuse a sentenza de 15 de xullo de 2016 do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº 2 de Santiago cuxa parte dispositiva é:

1. Estímase o recurso contencioso – administrativo nº 458/2015, interposto por Espina & Delfín, SL, contra o acordo do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Boqueixón de data 13 de maio de 2015, polo que: 1) Rexeitase a alegación presentada pola recorrente sobre a improcedencia de que se asuma o custo da enerxía eléctrica, y consecuentemente se mantén o importe de 127.407,97 € a aboar pola empresa recorrente ao Concello de Boqueixón, 2) Non se prorroga o contrato de concesión de explotación do servizo de abastecemento de auga potable do concello de Boqueixón e 2) Solicitar á empresa a continuación do servizo ata a nova adxudicación do contrato, no seu caso.
2. Anúlase e deixase sen efecto o dispositivo primeiro de dito acordo consistente en: desestimar a alegación presentada pola recorrente sobre a improcedencia de que suma o custo de enerxía eléctrica, mantendo o importe de 127.407,97 €, e comunicarlle que deberá abonar ao Concello de Boqueixón dito importe de 127.407,97 €.
3. As costas impóñense ao Concello de Boqueixón, cunha limitación de 700 €

Tendo en conta que na actualidade o servizo de abastecemento é levado directamente polo concello, é polo que:

1º. – Vai o Concello de Boqueixón apelar dita sentenza?

Resposta: Non.

2º.- Cal é a situación xurídica actual do servizo de abastecemento toda vez que na sentenza se anula o acordo de “non prórroga do contrato de concesión do servizo de abastecemento”?

Resposta: A situación mantense a adoptada dende xaneiro deste ano, cando o concello asumiu a prestación directa do servizo.

Non é certo que a sentenza anule o apartado 2/ do acordo plenario que consiste en **non prorrogar o contrato**. A sentenza, só anula o apartado 1/ que consistía no **rexeitamento da alegación**.

Consecuentemente, o servizo segue prestándose polo concello. O único que establece a sentenza é que a empresa Espina Delfín non ten que aboar os 127.407,97 € ao concello, ou sexa, o concello debe facerse cargo do aboamento das facturas da enerxía eléctrica dos bombeos.

3º.- Que valoración fai o alcalde e o equipo de goberno desta sentenza?

Resposta: que a sentenza como é lóxico hai que cumprila.

4º.- Cales son as medidas a curto e medio prazo que vai levar a cabo o concello nesta materia?

Resposta: Unicamente cumprila.

5º.- Existe algún informe xurídico sobre a situación actual do servizo? En caso positivo, poden facilitalo?

Resposta: Non. No pleno anteriormente citado xa constan os antecedentes e estudo económico.

A sentenza é clara no seu pronunciamento, e a maior abundancia impón a condena das costas do procedemento e tal como establece o artigo 394 da lei de enxuizamento civil, as costas en primeira instancia (tal é este o caso) imporanse á parte que ve rexeitadas todas ás súas pretensións, salvo que o tribunal aprecie, que o caso presentaba serias dúbidas de feito e de dereito.

Para apreciar, a efectos de condena de costas, que o caso era xuridicamente dubidoso terase en conta a xurisprudencia recaída en casos similares.

En consecuencia, nesta sentenza xudicial, é evidente que o asunto en cuestión non ofrece dúbidas. Polo que o concello opta por cumprir a sentenza sen máis trámite, salvo os posteriores que xurdan cando se presente a solicitude pola empresa.

B) Preguntas sobre o saneamento en Milleirós.

O pasado 8 de setembro recibíronse no rexistro do concello dous escritos de dous veciños de Milleirós – Lestedo solicitando o enganche ao Saneamento.

- Que problema hai para que estas dúas casas non poidan ter conexión ao saneamento?
- Por outro lado, solicitamos do equipo de goberno uns planos dixitalizados actualizados da rede de saneamento e abastecemento de auga.

Responde o señor alcalde que xa teñen solicitada que se desenvolva a rede ata o lugar e no caso de aglomerar, deixaríanse as tubaxes.

O señor Canabal di que sería interesante ter en formato dixital unha memoria de todas as tubaxes de saneamento existentes.

O señor Sanjuás di que seguramente o capataz de obras coñece por donde pasan todas.

O señor alcalde di que de todas formas sería interesante ter dita memoria, inda que sexa en papel.

C) Preguntas sobre a queixa dun veciño de Pazos.

O pasado 5 de setembro un veciño deixou unha queixa sobre o deplorable estado no que se atopa unha cuneta en Pazos – Lestedo anegada de augas fecais, supoñendo un perigo para a salubridade pública xa que constitúen un foco de posibles infeccións e un criadeiro de mosquitos mesmo a carón do núcleo residencial.

Resolveuse o problema?

Responde o señor alcalde que falamos co veciño e nesta semana xa limpamos a cuneta, polo que a cuneta xa está limpa.

D) PREGUNTA SOBRE RECUPERALIA.

Na Xunta de Goberno de 2 de xuño de 2016 requiriuse á empresa “Servicios Ecolóxicos Recuperalia, SL” para que procedera no prazo de 10 días a aboar o canon correspondente ao exercicio 2015 (1.200,00 €). Tamén se aprobaba que no caso de que non aboe o canon reclamar por vía executiva e asemade revocar o convenio.

- Pagou a empresa? En que situación está?

Responde a secretaria – interventora que si ingresaron, concretamente o 11 de xullo deste ano.

E) Pregunta sobre o servizo de conservación, reparación e mantemento do alumado público.

No presente mes de setembro, recibíuse un escrito da empresa Montaxes Eléctricos Fernández, SL solicitando a prórroga do contrato de “Conservación, reparación e mantemento do Alumado Público” por dous anos.

- Vaise prorrogar o contrato ou vaise facer unha nova adxudicación?

Responde o señor alcalde que o estudarán.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace
O alcalde